

Informe da situación dos **traballadores autónomos** no mercado laboral galego
2010



Informe da
situación dos traballadores
autónomos no mercado
laboral galego
2010



EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Berta Martínez Seijo
Ricardo Fernández López
Mar Martínez Besada
M.^a Esther Sánchez González
M.^a Belén Yáñez Barge
Eva Uriach Masgoret
Tomás González Mouriño
Juan Cirilo Arnosa Casal
Rosa M.^a Fernández Fernández

EQUIPO AUXILIAR:

M.^a Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
Francisco de Cal Pose
M.^a José Porto Pardiñas

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A. (Santiago)

DEPÓSITO LEGAL: C 4048-2010

PRESENTACIÓN

No marco global da internacionalización dos procesos económicos e dos mercados de traballo en que está inmersa a sociedade actual, podemos albiscar unha tendencia asociada frecuentemente ao chamado “autoemprego” que posibilita o desenvolvemento persoal e actúa como dinamizador dos recursos humanos co fin de xerar un novo tipo de iniciativas económicas que se poidan concretar en pequenas e medianas empresas capaces de promoveren o desenvolvemento local e rexional.

O emprego autónomo resulta ser una axeitada forma de integración no mercado laboral traballando no sector que se considera máis adecuado segundo a formación propia ou de acordo coas expectativas de negocio que se prevexan. Ademais, frecuentemente é percibido como unha alternativa ao desemprego, en especial entre os colectivos con maiores dificultades no acceso ao mercado laboral, entre eles os mozos e mozas. Neste sentido, o novo modelo produtivo que demanda a economía galega require apostar polo autoemprego como unha importante saída profesional e de acceso ao mercado laboral.

Este informe ofrece unha análise da dinámica do autoemprego en Galicia que se xustifica pola necesidade de deseñar un novo sistema que considere adecuadamente todas as dimensións implicadas, un sistema que ofrezca solucións aos novos problemas, que sexa capaz de propiciar un clima no que a cidadanía se sinta motivada para a adquisición de coñecementos profesionais e que facilite a dedicación de maiores recursos e esforzos á formación tanto por parte da Administración como por parte das empresas, organismos e axentes sociais con responsabilidade nesta.

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar

1. INTRODUCCIÓN	7
2. AFILIACIÓN AO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS	11
3. OCUPADOS POR CONTA PROPIA SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA	71
4. PERFIL DO TRABALLADOR AUTÓNOMO EN GALICIA	83
5. ECONOMÍA SOCIAL: COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS	87
6. EMPRESAS CON TITULARIDADE DE PERSOA FÍSICA	93
7. PENSÍONS	99
8. SINISTRALIDADE LABORAL	105
9. FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O TRABALLO AUTÓNOMO	111
10. EMPRENDEDORES	115
11. CONCLUSÍONS	123
12. FONTES BIBLIOGRÁFICAS E ESTATÍSTICAS	131
13. ANEXOS	133

1. INTRODUCCIÓN

Este *Informe sobre a situación dos traballadores autónomos no mercado laboral galego* continúa a serie de monográficos que o Instituto Galego das Cualificacións vén levando a cabo desde o ano 2006 sobre os colectivos de interese que conforman o mercado de traballo en Galicia.

Resulta necesario levar a cabo unha primeira aproximación a este colectivo a través dalgunhas definicións e peculiaridades que as distintas fontes de información e normativas desenvolvidas establecen sobre a figura do traballador por conta propia e que van máis alá da simple contraposición á do traballador asalariado.

A Constitución española, sen facer unha referencia expresa ao traballo por conta propia, recolle nalgúns dos seus preceptos dereitos aplicables aos traballadores autónomos (art. 38, co recoñecemento da liberdade de empresa no marco da economía de mercado; art. 35, coa referencia sobre o deber de traballar e o dereito ao traballo de todos os españois, a libre elección de profesión ou oficio; art. 40, co propósito de que os poderes públicos fomenten unha política que garanta a formación e readaptación profesionais, etc.).

O Estatuto dos traballadores define como empresarios todas as persoas, físicas ou xurídicas, ou comunidades de bens que reciban a prestación dos servizos das persoas referidas (traballadores que voluntariamente presten os seus servizos retribuídos por conta allea e dentro do ámbito de organización e dirección doutra persoa, física ou xurídica, denominada empregador ou empresario), así como das persoas contratadas para seren cedidas a empresas usuarias por empresas de traballo temporal legalmente constituídas.

O Real decreto 2530/1970, que regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, engade que a actividade económica ten que ser realizada de forma habitual, persoal e directa, unha actividade a título lucrativo e sen suxeición por ela a contrato de traballo. Ademais, o Real decreto 1627/199, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, fala dos autónomos como persoas físicas distintas do contratista e do subcontratista.

A Unión Europea define o autoempregado como toda persoa que exerza nas condicións previstas polo dereito nacional unha actividade lucrativa, incluídos os agricultores e os membros das profesións liberais.

Finalmente, no ano 2007 defínese o novo marco xurídico do amplo colectivo de profesionais que exercen a súa actividade profesional por conta propia en España. Trátase da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, a norma pioneira, tanto a nivel nacional como comunitario, a cal configura de maneira unitaria a regulación das distintas particularidades que o traballo por conta propia trae consigo.

A definición que se recolle no mencionado Estatuto do traballo autónomo é a de **“aquela persoa física que realiza de forma habitual, persoal e directa a actividade económica a título lucrativo, sen suxeición a contrato de traballo, aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas” (véxase o anexo I con categorías incluídas e excluídas no réxime especial de traballadores autónomos).**

Cómpre mencionar a importancia da aparición dalgunhas novidades que afectan dunha maneira directa ao traballo autónomo. Por unha banda, hai que destacar que, en aplicación da Lei 18/2007, do 4 de xullo, se establece, dentro do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2008, o sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, no que quedarán incluídos os traballadores por conta propia agrarios (véxase o anexo I con categorías excluídas e incluídas).

Outra novidade importante que introduce o Estatuto do traballo autónomo é a constitución legal dunha nova figura de traballador por conta propia; trátase do *traballador autónomo economicamente dependente (ou TRADE)*, o cal se define como “aquel e aquela profesional que realiza unha actividade económica e profesional a título lucrativo e de forma habitual, persoal e directa predominante para unha persoa física ou xurídica, denominada cliente, da que depende economicamente polo menos no 75% dos seus ingresos por rendementos de traballo e de actividades económicas e profesionais”.

É escasa aínda a información existente acerca tanto das súas características como do volume de contratos rexistrados entre o cliente e o traballador autónomo, máis se cabe se reducimos a análise a nivel de comunidade autónoma. Por outra banda, recentemente aprobouse o ditame do proxecto de lei que regula a prestación por desemprego por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

Ao longo deste estudo analízanse as estatísticas publicadas pola Tesouraría da Seguridade Social centrándonos no réxime especial dos traballadores autónomos (RETA) e a Enquisa de Poboación Activa (EPA) para referirnos aos afiliados e ocupados autónomos. Debido á complexidade dos datos ofrecidos e á imposibilidade de establecer comparativas entre ambos, mostramos a continuación unha táboa coa información e variables ofrecidas e tratadas por cada unha das fontes de datos mencionada.

Ademais, no informe recóllense datos sobre economía social, no subsector do mercado, é dicir, empresas articuladas fundamentalmente a través de cooperativas e sociedades laborais, categorías de enorme importancia na dinamización da economía e a promoción do emprego. Tamén se fai unha análise das empresas con titularidade de persoa física, as pensións, formación e sinistralidade dos empregados autónomos en Galicia, así como un achegamento ao emprendemento a través da creación de novas empresas.

As fontes de información que dan soporte a estes puntos son: a Tesouraría da Seguridade Social, o Servizo Público de Emprego de Galicia, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia (ISSGA) e o Instituto Galego de Estatística. Como nas anteriores publicacións, os datos son mostrados en forma de táboas, gráficos, mapas e comparativas das principais variables nos distintos períodos temporais.

FONTES ESTATÍSTICAS SOBRE TRABALLADORES AUTÓNOMOS E VARIABLES DISPOÑIBLES MANEXADAS NESTE ESTUDO

FONTE	CATEGORÍA	DATOS OFRECIDOS	VARIABLES
Seguridade Social Base de datos de rexistros de persoas afiliadas. Temporalidade: último día de cada mes.	Traballadores afiliados ao réxime especial de traballadores autónomos (RETA). Este sistema inclúe desde xaneiro de 2008 os traballadores do antigo réxime especial de traballadores agrarios por conta propia (denominados agora afiliados SETA).	Inclúense datos sobre todo o conxunto de afiliación ao RETA: - empresarios con asalariados ou empregadores - empresarios sen asalariados ou traballadores independentes - membros de sociedades mercantís - membros de cooperativas - axuda familiar - outras situacións profesionais	Os datos ofrécense desagregados por: - sexo - idade - réximes - sectores de actividade - actividades económicas - nacionalidade Ámbito territorial: - Galicia - provincias - comarcas
	Traballadores autónomos propiamente ditos, de alta na Seguridade Social.	Ofrece datos sobre aqueles traballadores autónomos non integrados en sociedades mercantís, cooperativas nin entidades societarias. Tamén se exclúen os que figuran como colaboradores familiares e os que están rexistrados formando parte dalgún colectivo especial de traballadores.	Ofrece un perfil de autónomo trimestral con datos de: - sectores de actividade - situación profesional - sexo - idade - nacionalidade - antigüidade no negocio - base de cotización
Enquisa de Poboación Activa (EPA) Trátase dunha enquisa. Temporalidade: trimestral.	Ocupados por conta propia.	Ofrece datos por separado por: - empregador - empresario sen asalariados ou traballador independente - membro de cooperativa - axuda familiar - asalariados do sector público - asalariados do sector privado Non se consideran ocupadas por conta propia as seguintes persoas: - As que se ocupan do seu fogar sen remuneración, aquelas que prestan servizos sociais non remunerados ou de carácter benéfico e outras persoas non remuneradas que exercen actividades fóra do ámbito das actividades económicas. - Os traballadores estacionais por conta propia e os traballadores ocasionais familiares non remunerados na temporada de menor actividade que non traballasen na semana de referencia.	Os datos ofrécense desagregados por: -sexo Ademais, para os empresarios con e sen asalariados, móstranse datos segundo: - idade - nivel de formación acadado - tipo de xornada de traballo - tempo que levan traballando na empresa - sector económico - ocupación Ámbito territorial: - Galicia - provincias

2. AFILIACIÓN AO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

2.1. AFILIACIÓN POR XÉNERO E PROVINCIAS

Segundo as fontes estatísticas da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, no mes de xuño de 2010 rexistráronse en Galicia un total de 224.021 traballadores afiliados ao réxime de autónomos. O maior número de traballadores por conta propia atópanse nas provincias da Coruña e Pontevedra, con 89.131 e 69.033 efectivos. As provincias menos poboadas de Lugo e Ourense presentan unha menor afiliación de traballadores autónomos, con 38.836 e 27.021 respectivamente. A provincia da Coruña aglutina case o 40% do total de autónomos de Galicia, e, se a esta lle sumamos os rexistrados na provincia de Pontevedra, entre as dúas rexistran o 70%.

AFILIACIÓN DE AUTÓNOMOS POR PROVINCIA


AUTÓNOMOS AFILIADOS	06-2010
A Coruña	89.131
Lugo	38.836
Ourense	27.021
Pontevedra	69.033
Total Galicia	224.021

AUTÓNOMOS AFILIADOS	Homes	Mulleres
A Coruña	50.788	38.343
Lugo	21.689	17.147
Ourense	16.371	10.650
Pontevedra	40.672	28.361
Galicia	129.520	94.501

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Se abordamos a afiliación de traballadores autónomos desde a perspectiva do xénero, obsérvase un predominio masculino que se evidencia nas catro provincias. No conxunto de Galicia a afiliación dos homes traballadores por conta propia ascendeu a 129.520, o que representa o 58% do total, mentres que a cifra que acadan as traballadoras autónomas situouse en 94.501 efectivos, o que representa o 42%.


Autónomos por xénero en Galicia 2010




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A maior disparidade por xénero no acceso ao traballo autónomo rexístrase entre os traballadores e as traballadoras por conta propia da provincia de Ourense, a porcentaxe de participación feminina neste réxime sitúase por debaixo do 40%. No resto de provincias a afiliación feminina ao réxime de autónomos tamén se sitúa por debaixo da porcentaxe masculina. Oscila entre o 41% de Pontevedra e o 44% de Lugo. A provincia da Coruña, que é a que presenta o maior número de autónomos, móvese nunhas porcentaxes similares: os homes representan o 57% e as mulleres o 43%.


Autónomos por xénero 2010
Provincia de A Coruña




Autónomos por xénero 2010
Provincia de Lugo



Autónomos por xénero 2010
Provincia de Ourense



Autónomos por xénero 2010
Provincia de Pontevedra



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.


2.2. AFILIACIÓN POR GRUPOS DE IDADE E PROVINCIAS

AUTÓNOMOS AFILIADOS	06-2010
16 a 29	16.155
30 a 44	82.495
45 a 54	65.509
55 e máis	59.861
Total Galicia	224.020

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Como é de esperar, o maior número de autónomos sitúanse nos tramos de idade intermedios, que son os que rexistran un maior volume de poboación activa. En xuño de 2010 contabilizáronse en Galicia 82.495 traballadores por conta propia comprendidos entre os 30 e os 44 anos, o que representa o 37% do total. Os maiores de 44 e menores de 55 acadan con 65.509 autónomos o 29%, seguidos dos de máis idade, que supoñen o 27%. A poboación xuvenil galega presenta os niveis máis baixos de acceso ao emprego por conta propia, os 16.155 traballadores representan o 7% do total de autónomos do conxunto da comunidade autónoma.


Autónomos por grupos de idade. Galicia 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A distribución da afiliación ao réxime de autónomos da Seguridade Social dentro da provincia da Coruña presenta unha estratificación por tramos de idade moi similar á do conxunto de Galicia. As porcentaxes de representación coinciden coas da comunidade autónoma.

Autónomos por idade 2010 Provincia de A Coruña




Autónomos provincia da Coruña	06-2010
16 a 29	6.394
30 a 44	33.042
45 a 54	25.862
55 e máis	23.832
Total A Coruña	89.130

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Na provincia de Lugo tamén se observa un maior peso porcentual de traballadores autónomos concentrados nos dous grupos de idade intermedios, ambos os grupos rexistran uns valores moi similares: un 33% entre os autónomos de 30 a 44 anos, e un 32% no rango inmediatamente superior; o que supón 12.943 e 12.320 traballadores, respectivamente. A poboación menor de trinta anos obtén unha representación (6%) lixeiramente inferior á media galega, xa de por si baixa. Os autónomos de máis idade representan o 29%.

Autónomos por idade 2010 Provincia de Lugo




Autónomos provincia de Lugo	06-2010
16 a 29	2.452
30 a 44	12.943
45 a 54	12.320
55 e máis	11.121
Total Lugo	38.836

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A provincia de Ourense rexistra un maior equilibrio entre os autónomos de entre 45 e 54 anos e os de máis de 55; ambos acadan unha porcentaxe do 29%. O grupo de idade que presenta un maior peso dos traballadores por conta propia segue a ser o que comprende os traballadores de entre 30 e 44 anos.

Autónomos por idade 2010
Provincia de Ourense




Autónomos provincia de Ourense	06-2010
16 a 29	2.026
30 a 44	9.375
45 a 54	7.842
55 e máis	7.778
Total Ourense	27.021

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Na provincia de Pontevedra rexístrase a menor presenza porcentual dos traballadores autónomos de máis idade, concretamente para os maiores de 54 anos acádase unha porcentaxe do 25%. Pola contra, os autónomos menores de 30 presentan unha porcentaxe lixeiramente superior á media de Galicia. O maior número de traballadores por conta propia segue a rexistrarse entre a poboación de entre 30 e 44 anos.

Autónomos por idade 2010
Provincia de Pontevedra




Autónomos provincia de Pontevedra	06-2010
16 a 29	5.283
30 a 44	27.135
45 a 54	19.485
55 e máis	17.130
Total Pontevedra	69.033

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Se relacionamos dentro da poboación traballadora galega por conta propia, o sexo coa idade, pódese observar que as mulleres, agás as menores de trinta anos, presentan un maior equilibrio que os homes na distribución da incidencia do traballo autónomo entre os tres rangos de idade seguintes. A poboación masculina ten un maior peso dos traballadores de entre 30 e 44 anos, a preeminencia de mulleres autónomas neste tramo de idade resulta máis atenuada. Tamén cómpre subliñar que as traballadoras por conta propia de máis idade son numericamente as segundas máis activas, mentres que no caso dos homes resultan ser os comprendidos entre 40 e 54 anos.

Autónomos en Galicia por xénero e idade.




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O réxime de autónomos en Galicia aglutina 224.021 traballadores, o que representa o 22% da porcentaxe da afiliación á Seguridade Social. A ocupación dos traballadores galegos por conta propia aínda queda lonxe da afiliación de traballadores ao réxime xeral, que supón o 73%. No que respecta á comparativa que se pode establecer con respecto ao Estado, obsérvase que a porcentaxe de autónomos é inferior á rexistrada na nosa comunidade; en concreto, o peso dos traballadores por conta propia no Estado acadou en xuño de 2010 o 17,7%, fronte ao 22,1% rexistrado en Galicia.

2.3 AFILIACIÓN POR RÉXIME DE COTIZACIÓN E PROVINCIA

Afiliados en Galicia 2010 por réximes




Afiliados en Galicia por réximes	06-2010
XERAL	738.422
AGRARIO	4.378
MAR	23.757
FOGAR	20.402
CARBÓN	11
AUTÓNOMOS	224.021

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A provincia da Coruña rexistra en termos absolutos a maior porcentaxe de autónomos, 89.131, aínda que o seu peso porcentual situado no 21% é o segundo máis baixo despois do de Pontevedra.

Afiliados na provincia de A Coruña xuño 2010




Afiliados provincia da Coruña	06-2010
XERAL	320.415
AGRARIO	1.433
MAR	6.148
FOGAR	8.438
AUTÓNOMOS	89.131

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A provincia de Lugo rexistra a maior incidencia de traballadores por conta propia de toda Galicia. Os 38.836 traballadores afiliados ao réxime de autónomos acadan o 31 % do total de afiliación, o que representa case a terceira parte do total de traballadores.

Afiliados na provincia de Lugo xuño 2010




Afiliados provincia de Lugo	06-2010
XERAL	81.814
AGRARIO	1.367
MAR	2.007
FOGAR	2.837
AUTÓNOMOS	38.836

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A provincia de Ourense tamén presenta unha porcentaxe de autónomos superior á media do conxunto de Galicia. Os 27.021 traballadores por conta propia afiliados a este réxime supoñen o 26% do total de afiliados.

Afiliados na provincia de Ourense xuño 2010




Afiliados provincia de Ourense	06-2010
XERAL	75.849
AGRARIO	339
FOGAR	2.950
AUTÓNOMOS	27.021

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Os afiliados ao réxime de autónomos da provincia de Pontevedra acadan os 69.033 efectivos, a segunda cifra máis alta despois da rexistrada na Coruña; malia isto, o peso porcentual destes traballadores por conta propia rexistra o índice máis baixo de Galicia; concretamente, está no 20%, o que supón que un de cada cinco traballadores afiliados á Seguridade Social na provincia de Pontevedra é un traballador autónomo.

Afiliados na provincia de Pontevedra xuño 2010



Afiliados provincia de Pontevedra	06-2010
XERAL	260.344
AGRARIO	1.239
MAR	15.602
FOGAR	6.177
AUTÓNOMOS	69.033

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2.4 VARIACIÓNS ANUAIS DE AFILIACIÓN

Nos anos 2009 e 2010 conséntase un descenso no número de traballadores afiliados á Seguridade Social, que afecta a todos os réximes, entre eles o de autónomos. Durante o ano 2009, a caída xeral de afiliados é superior á de autónomos; concretamente, os primeiros descenderon un 4,48% con respecto a 2008, mentres que a redución de autónomos supuxo un 3,35%. O ano 2010 volve experimentar un descenso de afiliacións á Seguridade Social, aínda que a caída se ralentiza con respecto á experimentada en 2009. Os afiliados presentan unha variación interanual negativa dun 1,7%; a perda de afiliados sitúase por debaixo de 18.000, logo de caer en 2009 case en 50.000 traballadores. No caso concreto dos traballadores autónomos, o descenso en 2010 tamén resulta lixeiramente menor que en 2009 –concretamente contabilizáronse 5.090 autónomos menos–, pero superior en termos porcentuais ao do total de afiliados. De todos os xeitos, entre 2008 e 2010 o peso porcentual dos autónomos con respecto ao total de afiliados apenas sufriu variacións, mantendo unha porcentaxe do 22%.

Variación de autónomos e total de afiliados en Galicia

Galicia	Autónomos	Variación anual de autónomos	Total de afiliados	Variación total de afiliados	Peso de autónomos con respecto ao total de afiliados
2008	237.048		1.076.733		22,02
2009	229.111	-3,35	1.028.495	-4,48	22,28
2010	224.021	-2,22	1.010.991	-1,70	22,16

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Nas catro provincias galegas rexistrouse un descenso de afiliación ao réxime de autónomos nos dous últimos anos, aínda que este descenso experimentou unha leve desaceleración no ano 2010. A taxa de variación interanual de 2009 con respecto ao ano anterior supuxo un descenso superior ao 3% en todas as provincias; no ano 2010 o descenso sitúase por debaixo do 3% e no caso da provincia de Pontevedra por debaixo do 2%.

Variación de autónomos nas provincias galegas


Autónomos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2008	94.160	41.480	28.575	72.833
2009	91.103	39.985	27.647	70.376
2010	89.131	38.836	27.021	69.033
Variación	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2009	-3,25	-3,60	-3,25	-3,37
2010	-2,16	-2,87	-2,26	-1,91

2.5 VARIACIÓNS ANUAIS DE AFILIACIÓN POR XÉNERO

Na súa evolución por xénero, o descenso de autónomos nos últimos dous anos experimentou unha contracción en ambos os dous sexos. No ano 2009 rexistráronse na Seguridade Social un total de 4.467 homes autónomos menos que en 2008, mentres que no caso das mulleres o descenso foi de 3.468. O ano 2010 constata unha perda de 2.824 homes con respecto ao ano anterior; no caso das traballadoras por conta propia o descenso foi de 2.266.

Se se observan as taxas de variación interanual destes dous últimos anos, vese que o panorama xeral de afiliación de autónomos tivo unha evolución bastante parella. O descenso resultou ser algo máis acusado entre a poboación traballadora feminina, aínda que por unha escasa marxe.

Variación autónomos 2009/2010 por xénero. Galicia




Galia Autónomos	2008	2009	2010
Home	136.811	132.344	129.520
Muller	100.235	96.767	94.501

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2.5 VARIACIÓNS ANUAIS DE AFILIACIÓN POR GRUPOS DE IDADE

O descenso de traballadores autónomos nos dous últimos anos tamén resulta evidente en todos os grupos de idade. O número de traballadores por conta propia descende de xeito bastante parello independentemente dos tramos de idade; por iso, e dado que a poboación menor de trinta anos rexistra unha cifra significativamente menor de traballadores autónomos, a incidencia deste descenso é considerablemente maior no colectivo de menor idade.

Variación autónomos 2009/2010 por grupos de idade



Galicia. Autónomos	2008	2009	2010
16 a 29	20.199	17.605	16.155
30 a 44	87.007	84.099	82.495
45 a 54	67.433	66.302	65.509
55 e máis	62.408	61.105	59.861


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Como se observa no gráfico, nos anos 2009 e 2010 a maior incidencia na caída do emprego autónomo sófrea o colectivo xuvenil. A taxa de variación interanual dos menores de trinta anos acadou un descenso dun 8,24% en 2009 e dun 12,84% en 2010, o que supón unha caída porcentual superior á rexistrada pola suma dos restantes tramos de idade.

2.6. AFILIACIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE E PROVINCIAS

Os traballadores autónomos galegos na súa distribución segundo os sectores de actividade ofrecen un claro predominio do sector servizos; concretamente, 135.743 traballadores por conta propia estaban afiliados a este réxime de cotización en xuño de 2010, o que supón que o 61% do total de autónomos galegos se empregan neste sector. O resto de autónomos repártense entre os outros tres sectores, cun predominio do sector primario (18%), seguido da construción (14%) e do sector secundario, con tan só un 7%.

Afiliados autónomos en Galicia segundo sectores de actividade



Galicia. Autónomos	06-2010
SECTOR CONSTRUCCIÓN	31.504
SECTOR PRIMARIO	41.476
SECTOR SECUNDARIO	15.298
SECTOR SERVICIOS	135.743


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Dentro do panorama xeral de descenso da afiliación intersectorial de autónomos nos dous últimos anos, obsérvase un leve repunte no sector dos servizos no ano 2010. Neste sector invértese a tendencia xeneralizada nos últimos dous anos; deste xeito, obsérvase un leve repunte na afiliación de traballadores por conta propia a este réxime.

Este feito representa en termos porcentuais unha variación interanual positiva do 0,13%, o que supón pasar de 15.560 afiliados a 15.743. No resto de sectores, o descenso máis acusado é o rexistrado no sector primario, que supuxo un descenso interanual do 8,51% e do 7,16% nos anos 2009 e 2010, respectivamente. Tamén cómpre destacar dentro da construción que, contra a tendencia dos outros sectores, o ano 2010 supuxo unha caída aínda maior no número de traballadores por conta propia que a acaecida en 2009; concretamente, pasou dun descenso do 1,62% en 2009 a perder un 4,85% en 2010.

Autónomos	Construción	Primario	Secundario	Servizos
2008	33.653	48.827	16.283	138.273
2009	33.109	44.674	15.768	135.560
2010	31.504	41.476	15.298	135.743
Variación	Construción	Primario	Secundario	Servizos
2009	-1,62	-8,51	-3,16	-1,96
2010	-4,85	-7,16	-2,98	0,13

Variación 2009/2010 dos afiliados autónomos segundo sector de actividade



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.


Dentro da perspectiva intersectorial provincial, a provincia da Coruña presenta unha distribución sectorial dos seus afiliados autónomos similar á do conxunto de Galicia, cun predominio lixeiramente superior do sector dos servizos.

A CORUÑA

Afiliados Autónomos		CONSTRUCCIÓN	PRIMARIO	SECUNDARIO	SERVIZOS	Total xeral
XUÑO 2008	A Coruña	13.236	17.394	6.095	57.435	94.160
XUÑO 2009	A Coruña	13.051	15.868	5.861	56.323	91.103
XUÑO 2010	A Coruña	12.475	14.722	5.649	56.285	89.131

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Afiliados autónomos na provincia da Coruña. Xuño 2010




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Igual que sucede no conxunto de Galicia, o sector da construción incrementa o seu descenso no ano 2010 con respecto ao rexistrado en 2009. O sector dos servizos non consegue acadar en 2010 un valor positivo na súa taxa interanual, pero a variación é mínima, un 0,07%, o que se traduce na perda de 38 traballadores en 2010, logo de perder 1.112 en 2009. A maior caída porcentual de autónomos rexístrase no sector primario.

A Coruña	Construcción	Primario	Secundario	Servizos	Total xeral
% variación 08/09	-1,40	-8,77	-3,84	-1,94	-3,25
% variación 09/10	-4,41	-7,22	-3,62	-0,07	-2,16
diferenza 08/09	-185	-1.526	-234	-1.112	-3.057
diferenza 09/10	-576	-1.146	-212	-38	-1.972

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Variación de autónomos 2009-2010. Provincia da Coruña



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

LUGO


O panorama xeral dos traballadores autónomos da provincia de Lugo presenta unha redistribución sectorial significativamente dispar con respecto ás outras tres provincias e ao conxunto de Galicia. A incidencia dos traballadores por conta propia do sector primario desta provincia ten un peso case tan importante como o sector dos servizos. No mes de xuño do ano 2010 este sector aglutinou un total de 15.791 afiliados, unha cifra que non queda demasiado lonxe dos 16.825 que se rexistraron no sector servizos. En anos anteriores, a importancia do sector primario aínda resultaba máis significativa. En xuño de 2009 a paridade entre ambos os sectores foi case total: 16.810 autónomos afiliados ao sector primario por 16.833 no sector servizos. En 2008 o número de autónomos no sector primario era superior ao rexistrado no sector servizos: 18.153 e 16.942, respectivamente.

En termos porcentuais, pódese observar esta relevancia do sector na provincia. O peso do sector primario acada o 41%, unha porcentaxe próxima ao 43% que presentan os autónomos do sector servizos. Os sectores da construción e o secundario teñen unha incidencia menor que no conxunto de Galicia.

Afiliados Autónomos		CONSTRUCCIÓN	PRIMARIO	SECUNDARIO	SERVIZOS	Total xeral
XUÑO 2008	Lugo	4.355	18.153	2.030	16.942	41.480
XUÑO 2009	Lugo	4.316	16.810	2.026	16.833	39.985
XUÑO 2010	Lugo	4.211	15.791	2.009	16.825	38.836

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Afiliados autónomos na provincia de Lugo. Xuño 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.


A evolución dos autónomos na provincia de Lugo nos últimos dous anos rexistra un descenso xeneralizado en todos os sectores, aínda que con diferente intensidade. O sector secundario acusa en menor medida esta caída. A súa variación interanual en 2009 e 2010 apenas é relevante; en concreto, a perda de efectivos foi de tan só catro traballadores en 2009 e de 17 en 2010. O sector servizos tampouco experimentou un descenso importante: en 2009 perdeu 199 traballadores, mentres que en 2010 se reduciu a 8 traballadores. Isto supón unha variación interanual dun -0,05%.

Caso distinto ao destes dous sectores foi a evolución dos afiliados autónomos no sector da construción, o máis castigado pola crise, e especialmente o sector primario. Este último sector sufriu unha caída de 1.343 autónomos en 2009 e 1.019 en 2010. As taxas de variación interanual deste sector son as máis negativas: un 7,4% en 2009 e un 6% en 2010.

Lugo	Construción	Primario	Secundario	Servizos	Total xeral
Var. 08/09	-0,90	-7,40	-0,20	-0,64	-3,60
Var. 09/10	-2,43	-6,06	-0,84	-0,05	-2,87
Dif. 08/09	-39	-1.343	-4	-109	-1.495
Dif. 09/10	-105	-1.019	-17	-8	-1.149

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Variación de autónomos 2009-2010. Provincia de Lugo



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.


OURENSE

Na provincia de Ourense, o sector servizos segue a aglutinar o maior número de afiliados autónomos, aínda que o seu peso porcentual é un 4% inferior ao do conxunto de Galicia. Os traballadores autónomos do sector da construción son os segundos máis numerosos, con 4.735 afiliados. A provincia de Ourense presenta a maior incidencia de traballadores autónomos no sector da construción das catro provincias galegas; a porcentaxe de afiliados ao sector acada o 18%, por riba dos traballadores por conta propia do sector primario, que é do 16%. Os autónomos ourensáns empregados no sector secundario tamén amosan un peso porcentual lixeiramente por encima da media de Galicia, cunha porcentaxe do 9%.

Afiliados Autónomos		CONSTRUCCIÓN	PRIMARIO	SECUNDARIO	SERVIZOS	Total xeral
Xuño 2008	Ourense	4.997	5.188	2.629	15.761	28.575
Xuño 2009	Ourense	4.965	4.681	2.532	15.469	27.647
Xuño 2010	Ourense	4.735	4.292	2.480	15.514	27.021

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Afiliados autónomos na provincia de Ourense. Xuño 2010




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O descenso xeneralizado que presentan os afiliados autónomos desta provincia nos dous últimos anos afecta a todos os sectores, coa única excepción que se rexistrou no ano 2010 no sector dos servizos –tomando como referencia o mes de xuño, con respecto ao ano anterior–. Neste período produciuse un incremento de 45 traballadores autónomos, o que supuxo unha porcentaxe de variación anual positiva do 0,3%. En xeral, o descenso de actividade do traballo autónomo na provincia foi superior en 2008. A caída en 2009 ralentizouse en todos os sectores agás na construción, que viu incrementada a destrución de emprego autónomo no ano 2010; concretamente, rexistrouse unha variación negativa do 4,63%, o que se traduciu en 230 afiliacións menos que en 2009.

Ourense	Construción	Primario	Secundario	Servizos	Total xeral
Var. 08/09	-0,64	-9,77	-3,69	-1,85	-3,25
Var.09/10	-4,63	-8,31	-2,05	0,29	-2,26
Dif. 08/09	-32	-507	-97	-292	-928
Dif. 09/10	-230	-389	-52	45	-626

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Variación de autónomos 2009-2010. Provincia de Ourense



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.


PONTEVEDRA

A maior porcentaxe de traballadores autónomos empregados no sector servizos atópase na provincia de Pontevedra. O 68% dos afiliados autónomos da provincia encóntranse neste réxime. Pola contra, os 6.671 autónomos do sector primario representan o 10% do total, que supoñen o menor peso porcentual das catro provincias. O sector da construción aglutina o 15% dos autónomos da provincia, mentres que o sector secundario ten un 7% de afiliados a este réxime de cotización.

Afiliados Autónomos		CONSTRUCCIÓN	PRIMARIO	SECUNDARIO	SERVIZOS	Total xeral
Xuño 2008	Pontevedra	11.065	8.092	5.529	48.135	72.821
Xuño 2009	Pontevedra	10.777	7.315	5.349	46.935	70.376
Xuño 2010	Pontevedra	10.083	6.671	5.160	47.119	69.033

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Afiliados autónomos na provincia de Pontevedra. Xuño 2010




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A variación interanual entre xuño de 2010 con respecto ao mesmo mes de 2009 presenta un descenso xeneralizado da afiliación de autónomos, concretamente de 1.343 efectivos. En 2009 con respecto ao ano anterior a caída aínda foi maior e ascendeu a 2.445 autónomos. A nivel intersectorial, a única excepción produciuse este último ano no sector dos servizos. Neste sentido, o número de traballadores autónomos do sector incrementouse en 184 afiliados. O resto de sectores presentan un panorama xeral de destrución de emprego autónomo, especialmente destacado no caso do sector primario. No sector da construción, a tendencia de destrución de emprego autónomo, lonxe de ralentizarse, viuse incrementada. As 288 baixas de afiliación de 2009 pasaron a 694, o que supuxo unha porcentaxe de variación anual do -6,44%.

Pontevedra	Construción	Primario	Secundario	Servizos	Total xeral
Var. 08/09	-2,60	-9,60	-3,26	-2,49	-3,36
Var. 09/10	-6,44	-8,80	-3,53	0,39	-1,91
Dif. 08/09	-288	-777	-180	-1.200	-2.445
Dif. 09/10	-694	-644	-189	184	-1.343

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Variación de autónomos 2009-2010. Provincia de Pontevedra



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2.7. AFILIACIÓN POR ACTIVIDADE ECONÓMICA E PROVINCIAS

Dos 41.476 afiliados autónomos ao sector primario, 40.439 empréganse en actividades relacionadas coa gandería e a agricultura. Os traballadores galegos por conta propia deste sector concéntranse case exclusivamente nesta actividade. No resto de sectores, as actividades económicas onde se ocupan os autónomos están moito máis repartidas. De todos os xeitos, máis do 76% dos autónomos galegos desempeñan a súa actividade laboral nestas dez actividades económicas.


A continuación dos traballadores por conta propia da agricultura e gandería, aparece como segunda actividade máis destacada a de comercio ao retalho, seguida da actividade relacionada cos servizos de comidas e bebidas, ambas encadradas no sector dos servizos. O resto de actividades pertencen a este sector e ao da construción.

As 10 actividades económicas máis destacadas entre os afiliados autónomos en Galicia 2010

	Autónomos	Peso relativo
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	40.439	18,05
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	34.770	15,52
Servizos de comidas e bebidas	23.611	10,54
Actividades de construción especializada	20.229	9,03
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	12.212	5,45
Transporte terrestre e por tubaxe	11.253	5,02
Construción de edificios	10.152	4,53
Outros servizos persoais	7.627	3,40
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	6.314	2,82
Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	4.043	1,80

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

10 principais actividades económicas entre autónomos. Galicia xuño 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Dentro destas dez actividades máis destacadas onde se ocupan tres de cada catro traballadores autónomos en Galicia, pódese apreciar na súa evolución desde xuño de 2009 ata xuño de 2010 que tan só tres rexistraron unha


variación positiva. Estas tres actividades están encadradas dentro do sector dos servizos; trátase de autónomos empregados en actuacións relacionadas con servizos de comidas e bebidas, outros servizos persoais e venda e reparación de vehículos e motos.

Variación 09/10 das 10 actividades máis destacadas entre afiliados autónomos. Galicia	%
Servizos de comidas e bebidas	1,17
Outros servizos persoais	1,14
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	0,57
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-0,13
Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-1,13
Transporte terrestre e por tubaxe	-2,93
Actividades de construción especializada	-4,17
Construción de edificios	-4,93
Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	-6,54
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	-7,31

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A variación do emprego autónomo oscila entre o 0,1% do comercio por xunto e o 7,3% da agricultura e gandería. A construción de edificios e as actividades de construción especializada perden entre un 4% e un 5%.

Variación 2009-2010 nas dez principais actividades nas que se ocupan os
traballadores autónomos de Galicia



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A CORUÑA

As nove primeiras actividades económicas onde se empregan maioritariamente os traballadores por conta propia da provincia da Coruña coinciden coas do conxunto de Galicia. A única diferenza fai referencia á substitución das actividades que engloban a reparación de ordenadores polas actividades sanitarias, que constitúen a décima actividade que aglutina maior número de traballadores autónomos na provincia da Coruña. A porcentaxe de afiliación de autónomos englobada nestas dez principais ocupacións acada o 75% do total.

2010	10 actividades máis destacadas na provincia da Coruña	Autónomos	% de autónomos sobre o total
2010	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	14.330	16,1
2010	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	13.860	15,6
2010	Servizos de comidas e bebidas	10.153	11,4
2010	Actividades de construción especializada	8.121	9,1
2010	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.621	5,2
2010	Transporte terrestre e por tubaxe	4.244	4,8
2010	Construción de edificios	4.094	4,6
2010	Outros servizos persoais	3.310	3,7
2010	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	2.415	2,7
2010	Actividades sanitarias	1.853	2,1


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A evolución no ano 2010 das dez actividades económicas onde se empregan a maioría dos traballadores autónomos da provincia da Coruña rexistra un lixeiro ascenso no que se refire ás actividades que se corresponden co sector dos servizos, agás a excepción que representa o comercio ao retallo, que perdeu 221 traballadores autónomos. Pola contra, as actividades relacionadas coa agricultura e gandería experimentan a máis forte destrución de emprego autónomo, que se evidencia na perda de 1.140 efectivos con respecto a 2009. Polo que respecta á afiliación de autónomos encadrados dentro do sector da construción, continúaase coa tendencia de destrución de emprego.

10 actividades máis destacadas na provincia da Coruña	Variación 09-10 en miles	Variación 09-10 en %
Actividades sanitarias	57	3,2
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	28	0,6
Outros servizos persoais	15	0,5
Servizos de comidas e bebidas	43	0,4
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	8	0,3
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-221	-1,6
Transporte terrestre e por tubaxe	-146	-3,3
Actividades de construción especializada	-345	-4,1
Construción de edificios	-176	-4,1
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	-1.140	-7,4

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Variación 2009-2010 nas dez principais actividades nas que se ocupan os traballadores autónomos na provincia da Coruña



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

LUGO

Igual que sucede na provincia da Coruña, en Lugo coinciden nove das dez principais actividades económicas de Galicia. A novidade vén dada pola industria da alimentación, que lles dá emprego a case seiscientos traballadores autónomos. O 84,5% dos afiliados ao réxime de cotización de autónomos están incluídos nestas dez actividades económicas. O 40% dos traballadores autónomos da provincia desempeñan o seu traballo en actividades relacionadas coa agricultura e gandería, o que supuxo en xuño de 2010 unha cifra de 15.576 efectivos. A continuación aparecen os autónomos que traballan en actividades de comercio ao retallo, con 4.137 persoas. O resto das actividades caen por debaixo do 10% de representatividade.

2010	10 actividades máis destacadas na provincia de Lugo	Autónomos	% de autónomos sobre o total
2010	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	15.576	40,1
2010	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.137	10,7
2010	Servizos de comidas e bebidas	2.932	7,5
2010	Actividades de construción especializada	2.507	6,5
2010	Transporte terrestre e por tubaxe	1.940	5,0
2010	Construción de edificios	1.663	4,3
2010	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.499	3,9
2010	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	988	2,5
2010	Outros servizos persoais	952	2,5
2010	Industria da alimentación	598	1,5


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Os servizos de comidas e bebidas, xunto coa industria da alimentación e a venda e reparación de vehículos, son, dentro das dez actividades máis importantes, as tres que ven aumentado o número de traballadores autónomos no ano 2010. O resto, salvo “outros servizos persoais”, que permanece co mesmo número de efectivos, perden afiliados con respecto ao ano anterior. En agricultura e gandería rexistráronse 1.027 traballadores menos, o que tamén representou a maior caída en termos relativos: un -5,3% de variación anual.

10 actividades máis destacadas na provincia de Lugo	Variación 09-10 en miles	Variación 09-10 en %
Industria da alimentación	30	5,3
Servizos de comidas e bebidas	59	2,1
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	14	1,4
Outros servizos persoais	0	0
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-11	-0,7
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-68	-1,6
Construción de edificios	-37	-2,2
Actividades de construción especializada	-64	-2,5
Transporte terrestre e por tubaxe	-62	-3,1
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	-1.027	-6,2

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Variación 2009-2010 nas dez principais actividades nas que se ocupan os traballadores autónomos na provincia de Lugo



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

OURENSE

Na provincia de Ourense tamén coinciden co total de Galicia nove das dez principais actividades económicas onde se empregan os traballadores autónomos da provincia. A nova incorporación son os autónomos das industrias alimentarias. As actividades económicas que xeran máis postos de traballo no emprego autónomo ourensán son, como no resto de Galicia, o comercio ao retallo e a agricultura e gandería, con máis de catro mil afiliados cada unha e máis dun 15% de peso porcentual. Nesta provincia tamén se destaca a importancia das actividades de construción especializada, e os servizos de comidas e bebidas, que se sitúan en torno aos tres mil autónomos e representan máis do 10% cada unha. En total, nestas dez actividades económicas traballan o 76,7% do total de autónomos da provincia de Ourense.

2010	10 actividades máis destacadas na provincia de Ourense	Autónomos	% de autónomos sobre o total
2010	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.270	15,8
2010	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	4.192	15,5
2010	Actividades de construción especializada	3.081	11,4
2010	Servizos de comidas e bebidas	2.897	10,7
2010	Transporte terrestre e por tubaxe	1.263	4,7
2010	Construción de edificios	1.249	4,6
2010	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.227	4,5
2010	Outros servizos persoais	918	3,4
2010	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	862	3,2
2010	Industria da alimentación	784	2,9


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A maior caída de autónomos rexistrouse nas actividades relacionadas coa gandería e a agricultura, con 386 traballadores menos. O descenso tamén afectou a outras actividades destacadas entre os autónomos, como é o caso de actividades de construción especializada e de edificios; os traballadores por conta propia do comercio por xunto e ao retallo tamén descendieron, aínda que en menor medida. A destrución de emprego autónomo tamén afectou ás actividades relacionadas co transporte terrestre e por tubaxe. Pola contra, aumentou o número de autónomos en actividades relacionadas coa industria alimentaria, outros servizos persoais e venda e reparación de vehículos. En servizos de comidas e bebidas permanecen o mesmo número de autónomos.

10 actividades máis destacadas na provincia de Ourense	Variación 09-10 en miles	Variación 09-10 en %
Industria da alimentación	35	4,7
Outros servizos persoais	20	2,2
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	13	1,5
Servizos de comidas e bebidas	0	0
Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-23	-0,5
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-7	-0,6
Actividades de construción especializada	-106	-3,3
Transporte terrestre e por tubaxe	-46	-3,6
Construción de edificios	-55	-4,2
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	-386	-8,4

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Variación 2009-2010 nas dez principais actividades nas que se ocupan os traballadores autónomos na provincia de Ourense



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

PONTEVEDRA

Na provincia de Pontevedra coinciden as dez principais actividades en que se empregan os autónomos coas do total de Galicia, aínda que con distinto nivel de incidencia. Así, por exemplo, a agricultura e gandería rexistra un menor peso específico que no conxunto de Galicia. Dentro das actividades económicas, conséntase que o comercio ao retallo é o principal viveiro de emprego dos traballadores por conta propia da provincia de Pontevedra; nesta actividade rexistráronse 12.503 traballadores afiliados en xuño de 2010, o que supuxo unha cota de participación do 18,1%. Nos servizos de comidas e bebidas empregáronse 7.629 autónomos, e máis de seis mil rexistráronse en actividades de construción especializada e en agricultura e gandería. Nesta provincia aparece como décima actividade con maior número de autónomos a de reparación de ordenadores e artigos de uso doméstico.

2010	10 actividades máis destacadas na provincia de Pontevedra	Autónomos	% de autónomos sobre o total
2010	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	12.503	18,1
2010	Servizos de comidas e bebidas	7.629	11,1
2010	Actividades de construción especializada	6.520	9,4
2010	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	6.341	9,2
2010	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.865	7,0
2010	Transporte terrestre e por tubaxe	3.806	5,5
2010	Construción de edificios	3.146	4,6
2010	Outros servizos persoais	2.447	3,5
2010	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	2.049	3,0
2010	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1.453	2,1


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A maioría destas actividades, onde se concentran o 73,5% do total de autónomos da provincia, experimentaron en xuño de 2010 unha evolución negativa con respecto á mesma data de 2009. As excepcións viñeron dadas polo incremento de autónomos detectado en actividades relacionadas cos servizos de comidas e bebidas, e con outros servizos persoais. A venda e reparación de vehículos rexistrou un afiliado máis. Este incremento de 222 traballadores resulta insuficiente para compensar o descenso rexistrado nas outras sete actividades económicas, que supuxeron a perda de 1.545 autónomos. Os principais descensos rexistráronse na agricultura e gandería e en actividades propias da construción.

10 actividades máis destacadas na provincia de Pontevedra	Variación 09-10 en miles	Variación 09-10 en %
Servizos de comidas e bebidas	170	2,3
Outros servizos persoais	51	2,1
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1	0
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-26	-0,5
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-85	-0,7
Transporte terrestre e por tubaxe	-100	-2,6
Actividades de construción especializada	-365	-5,3
Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	-89	-5,8
Construción de edificios	-245	-7,2
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	-635	-9,1

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Variación 2009-2010 nas dez principais actividades nas que se ocupan os traballadores autónomos na provincia de Pontevedra



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.


2.8 VARIACIÓNS DE AFILIACIÓN POR ACTIVIDADE ECONÓMICA

As actividades económicas onde os traballadores galegos por conta propia acusaron unha maior contracción do emprego rexistraron entre xuño de 2009 e xuño de 2010 unha evolución negativa que comprende unha perda de entre un -8% e un -23% de caída de afiliacións, cifras moi superiores á variación total de autónomos, que foi do -2,2%.

O transporte marítimo foi a actividade económica que sufriu un maior descenso de traballadores autónomos, seguido das actividades de apoio ás industrias extractivas, ambas por riba do 20% de taxa de variación interanual.

Actividades do CNAE que perden máis afiliados autónomos de 2009 a 2010. Galicia	Variación 2009-2010
Transporte marítimo e por vías navegables interiores	-23,08
Actividades de apoio ás industrias extractivas	-21,43
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	-15,00
Enxeñaría civil	-14,99
Extracción de antracita, hulla e lignito	-11,11
Actividades de aluguer	-11,03
Pesca e acuicultura	-10,48
Confección de roupa de vestir	-10,42
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-8,45
Outras industrias extractivas	-8,05

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Pola contra, tamén se poden destacar as actividades económicas nas que os traballadores galegos autónomos acadaron unha maior evolución positiva na súa variación anual desde xuño de 2009 ata xuño de 2010. Como podemos observar, estas actividades que incrementaron en maior medida os niveis de emprego autónomo teñen relación en gran medida co mundo da información, a tecnoloxía e a comunicación.

Os servizos de información e a fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos superaron o 30% e o 20% respectivamente. O resto increméntanse entre un 5% e un 18%.

Principais CNAE que gañan afiliados autónomos de 2009 a 2010	Variación 2009-2010
Servizos de información	32,03
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	22,22
Actividades postais e de correos	18,41
Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	16,24
Actividades relacionadas co emprego	9,33
Outras actividades profesionais, científicas técnicas	7,22
Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	6,38
Actividades de programación e emisión de radio e televisión	5,88
Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática	5,16
Industria do coiro e do calzado	5,00

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2.9. AFILIACIÓN NAS COMARCAS GALEGAS

O maior número de afiliados autónomos atópase, como era de esperar, nas comarcas máis poboadas. Deste xeito, as comarcas de Vigo e A Coruña achegan 26.858 e 26.830 afiliados respectivamente; entre as dúas comarcas rexistran o 24% do total de autónomos de Galicia. A pesar disto, estas dúas comarcas non destacan pola incidencia dos traballadores por conta propia no seu mercado laboral; de feito, o peso específico dos autónomos sobre o conxunto de afiliados de ambas as comarcas acada porcentaxes do 14,6% e do 14,5%, respectivamente; mentres que para o conxunto de Galicia a porcentaxe de participación dos autónomos no total de afiliados era do 22,16%. As sete comarcas que teñen como cabeceira as sete cidades galegas rexistran porcentaxes inferiores a esta media. Lugo e Ferrol son as que máis se aproximan e aínda así están por debaixo do 20%.

MAPA 1. NÚMERO DE AFILIADOS AUTÓNOMOS POR COMARCA




Dentro das dez comarcas con maior número de autónomos afiliados aparecen tamén O Salnés, Bergantiños e Deza. No caso do Salnés, trátase dunha comarca poboadada que rexistra unha ratio de autónomos lixeiramente superior á media galega, o que fai que conte con maior número de traballadores por conta propia que Ferrol ou Pontevedra. As comarcas menos poboadas de Deza e Bergantiños rexistran un peso porcentual de autónomos moi superior ao resto das dez comarcas: Bergantiños rolda o 40% e Deza chega ao 42%.

10 comarcas con maior número de autónomos afiliados en 2010

Comarca	Autónomos	Peso sobre o total de afiliados de cada comarca
Vigo	26.858	14,62
A Coruña	26.830	14,50
Santiago	12.341	16,15
Ourense	10.929	17,13
Lugo	10.686	19,12
O Salnés	8.894	23,84
Ferrol	8.487	19,01
Pontevedra	8.292	16,29
Bergantiños	7.357	39,67
Deza	6.196	42,02

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

As dez comarcas galegas con maior número de traballadores por conta propia afiliados ao réxime de cotización de autónomos rexistraron en xuño de 2010 unha perda do número de efectivos. O principal descenso do emprego autónomo tivo lugar nas dúas comarcas con maior número de traballadores inscritos neste réxime: A Coruña viu descender o seu número en 471 traballadores e Vigo en 444; non obstante, non se trata das comarcas que experimentaron unha maior contracción de emprego autónomo, dado que a súa variación interanual con respecto

a 2009 representa unha porcentaxe negativa do 1,7% e do 1,6%, respectivamente. A maior caída en termos porcentuais correspondeulle á comarca de Bergantiños, cun descenso do 3,4%, seguida das rexistradas en Deza, Ferrol e Pontevedra, todas por riba do 2%.


Na comarca de Santiago o descenso foi o máis baixo, con 52 traballadores menos. O Salnés e Ourense perderon en torno a 100 e 106 autónomos, e situáronse no 1,1% e no 1% de variación anual, respectivamente.

Variación das 10 comarcas con maior número de autónomos afiliados en 2010

Comarca	2009	2010	Diferenza 09/10	Variación 09/10
Santiago	12.393	12.341	-52	-0,4
Ourense	11.035	10.929	-106	-1,0
O Salnés	8.994	8.894	-100	-1,1
Vigo	27.302	26.858	-444	-1,6
A Coruña	27.301	26.830	-471	-1,7
Lugo	10.880	10.686	-194	-1,8
Pontevedra	8.496	8.292	-204	-2,4
Ferrol	8.716	8.487	-229	-2,6
Deza	6.372	6.196	-176	-2,8
Bergantiños	7.618	7.357	-261	-3,4

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Variación porcentual 2009-2010 das dez comarcas con maior número de autónomos



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

As principais comarcas galegas que rexistran un maior peso porcentual de autónomos sobre o total de afiliados son comarcas do interior e pouco poboadas, onde o sector primario ten un peso importante. O total de afiliados autónomos destas tres comarcas ascende a 24.796, o que representa o 11,1% do total de Galicia.

Xallas, Terra de Melide e Terra de Celanova presentan o maior número de traballadores por conta propia: 4.456, 3.627 e 3.417, respectivamente. Terra de Trives e Terra de Caldelas achegan unha cifra inferior a mil.


Estas dez comarcas rexistran un peso dos traballadores autónomos que oscila entre o 49,5% da Barcala e o 62,1% da Fonsagrada. A incidencia dos traballadores por conta propia nestes ámbitos supón que máis da metade dos afiliados da maioría destas comarcas están inscritos no réxime de autónomos.

10 comarcas con maior peso relativo de autónomos sobre o total de afiliados en 2010

Comarca	Autónomos	Peso sobre o total de afiliados de cada comarca
A Fonsagrada	1.825	62,1
Terra de Caldelas	605	61,7
Meira	1.687	58,0
Os Ancares	3.184	55,9
Xallas	4.456	55,2
A Ulloa	2.524	51,9
Terra de Melide	3.627	51,3
Terra de Trives	922	49,8
Terra de Celanova	3.417	49,7
A Barcala	2.549	49,5


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Comarcas con maior porcentaxe de autónomos



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

MAPA 2. PESO RELATIVO DOS AUTÓNOMOS CON RESPECTO AO TOTAL DE AFILIADOS




Estas dez comarcas rexistran unha evolución negativa con respecto a xuño de 2009. O descenso porcentual oscila entre o 2,2% rexistrado en Terra de Melide e o 4,55% de Meira. A maior caída no número de autónomos produciuse na comarca de Xallas, cun descenso de 98 afiliados, mentres que as comarcas de Terra de Caldelas, Terra de Celanova e Terra de Trives rexistran 14 autónomos menos as dúas primeiras comarcas e 15 a segunda.

Variación das 10 comarcas con maior peso relativo de autónomos afiliados en 2010

Comarca	2009	2010	Diferenza 09/10	Variación 09/10
A Fonsagrada	1.174	1.134	-40	-3,4
Terra de Caldelas	387	373	-14	-3,6
Meira	1.025	979	-46	-4,5
Os Ancares	1.845	1.781	-64	-3,5
Xallas	2.559	2.461	-98	-3,8
A Ulloa	1.358	1.311	-47	-3,5
Terra de Melide	1.902	1.860	-42	-2,2
Terra de Trives	474	459	-15	-3,2
Terra de Celanova	387	373	-14	-3,6
A Barcala	1.309	1.261	-48	-3,7

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.


Variación 2009-2010 das comarcas con maior porcentaxe de autónomos




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Informe da situación dos traballadores autónomos no mercado laboral galego 2010

50



MAPA 4. NÚMERO DE AUTÓNOMOS AFILIADOS EN COMARCAS CUXA PRINCIPAL ACTIVIDADE ECONÓMICA É O “COMERCIO AO RETALLO, EXCEPTO VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS”




2.10. AFILIADOS NO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS DESAGREGADOS SEGUNDO A SÚA PROCEDENCIA: AFILIADOS NON SETA (SISTEMA NORMAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS) E SETA (SISTEMA ESPECIAL DE TRABALLADORES AGRARIOS).

No seguinte punto analízanse as estatísticas publicadas na páxina web da Seguridade Social (<http://www.seg-social.es>) centrándonos en diferenciar os dous sistemas que, debido aos cambios xerados pola Lei 18/2007, conforman o réxime especial de traballadores autónomos. En aplicación desta Lei, en xaneiro de 2008 prodúcese a integración no réxime especial de autónomos dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario.

Deste xeito, diferénciase nos datos totais entre os afiliados rexistrados no sistema especial de traballadores agrarios (afiliados SETA) e os afiliados rexistrados no réxime normal de autónomos (afiliados non SETA). A suma de ambos ten como resultado final o total de afiliados autónomos mostrados ata agora no informe.

Aproximadamente oito de cada dez traballadores autónomos pertencen ao sistema non SETA (o sistema “normal” de traballadores autónomos) e os dous restantes ao SETA, é dicir, os antigos traballadores por conta propia do réxime especial agrario. No conxunto estatal, este colectivo de afiliados ao sistema SETA supón unha porcentaxe moito menor, un 6,78% do total de traballadores por conta propia.

Afiliados autónomos en Galicia. Xuño 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Réxime especial traballadores autónomos

XUÑO 2010	Non SETA	SETA	TOTAL
A Coruña	75.805	13.326	89.131
Lugo	24.065	14.771	38.836
Ourense	23.736	3.285	27.021
Pontevedra	63.418	5.615	69.033
GALICIA	187.024	36.997	224.021
ESPAÑA	2.929.889	213.112	3.143.001

O traballo no campo segue a ser maioritario e forma parte de maneira subliminar do tecido da ruralidade, sobre todo nas comunidades do norte de España. Galicia, con 36.997 traballadores, é a primeira comunidade autónoma española en canto a volume de afiliados no sistema SETA, seguida de preto por Castela e León, con 34.739.

Evidénciase o peso tan importante que ten esta actividade na provincia de Lugo; os antigos traballadores do réxime especial agrario supoñen nesta provincia practicamente o 40% do total de afiliados autónomos en xuño de 2010. Ademais, convértese na primeira provincia española por volume de afiliados a este réxime, cos seus 14.771 traballadores rexistrados segundo as estatísticas oficiais.

Porcentaxe de afiliados autónomos ao sistema SETA e non SETA nos distintos ámbitos xeográficos




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

Desde 2009 a Seguridade Social ofrece datos por separado dos afiliados autónomos diferenciando entre os sistemas SETA e non SETA; polo tanto, non é posible levar a cabo comparativas e variacións con datos anteriores a este período. Observando as variacións producidas no bienio 2009-2010, compróbase a perda de afiliación en todas e cada unha das provincias galegas en ambos os dous sistemas que integran o réxime especial de autónomos.

O sistema especial de traballadores agrarios (SETA) experimenta unha caída porcentual máis acentuada, un -8,37% en Galicia, sendo as provincias de Ourense e Pontevedra as que sofren unha baixada máis notoria. Esta perda significa que de 2009 a 2010 Galicia ten 3.379 traballadores menos rexistrados neste sistema, mentres que no sistema normal de autónomos a baixada é de 1.711 persoas. O descenso a nivel estatal é moi inferior, un 5,09% menos no sistema de traballadores agrarios e un -2,36 para os autónomos propiamente ditos.

Variación 2009/2010 dos afiliados ao réxime especial de traballadores autónomos




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

Analizando as variacións intermensuais producidas, pódese afirmar que no mes de maio de 2010 por primeira vez desde marzo de 2008 aumenta o número de galegas e galegos inscritos no réxime especial de traballadores autónomos. Entre maio e xuño de 2010 a cifra incrementouse en 673 afiliados, crecemento que vén proporcionado polos afiliados ao sistema non SETA, xa que os rexistros dos autónomos SETA (traballadores agrarios) seguen a perder afiliados durante o transcurso de todos os meses estudados.

Este pequeno repunte de afiliación fai abrir a confianza de que, a pesar de que a incerteza sobre a situación económica continúa sendo unha realidade, as galegas e os galegos pensen en arriscar e opten polo autoemprego, considerado por moitos como o verdadeiro motor da recuperación económica. De feito, é destacable que a comunidade galega teña un crecemento nos dous últimos meses superior ao estatal e incluso superior ao experimentado por comunidades con maior volume de afiliación, como poden ser Cataluña e Madrid.


De todos os xeitos, o crecemento acontecido está lonxe aínda de acadar o total de afiliados autónomos perdidos desde marzo de 2008, un total de 13.845 persoas, o que constata a dureza da crise no sector do autoemprego, pemes e microempresas. Ademais, non hai que esquecer que se fai referencia ao comezo do período estival, meses nos que normalmente as cifras de emprego tenden a ser positivas, máis se cabe nun ano como o 2010, marcado polos efectos que o ano Xacobeo ten en todos os ámbitos galegos.

Evolución nos últimos doce meses dos afiliados ao réxime especial de autónomos S.E.T.A.



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.

Evolución nos últimos doce meses dos afiliados ao réxime especial de autónomos (sistema normal ou non S.E.T.A.)



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.

A distribución por xénero en cada un dos sistemas que integran o réxime especial de traballadores autónomos é desigual. No antigo réxime agrario por conta propia, as mulleres practicamente duplican os homes en volume de afiliación (23.690 mulleres e 13.307 homes), mentres que no réxime de autónomos non SETA son os homes os que acadan o 62% da cotización rexistrada.


O autoemprego convértese nunha alternativa real e efectiva de acceso ao mercado de traballo para moitas mulleres; ademais, resulta en moitos casos unha fórmula máis adaptable á realidade dos fogares actuais, proporcionando facilidades para acadar a desexada conciliación da vida familiar e profesional. Entre os factores que están a contribuír a que se incremente o número de altas de traballadoras autónomas nos últimos anos están: a inmigración, as mulleres desempregadas maiores de 40 anos con dificultades para atopar un emprego, mulleres insatisfeitas co denominado “teito de cristal” ou non acceso aos postos de carácter directivo, a discriminación, etc.

Deste modo, vemos como, mentres que de 2009 a 2010 constan 1.871 homes menos afiliados ao réxime normal de autónomos (non SETA), as mulleres, pola contra, teñen 160 traballadoras máis cotizando ao mesmo sistema.


	RÉXIME E. DE AUTÓNOMOS NON SETA			RÉXIME E. DE AUTÓNOMOS SETA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	46.436	29.369	75.805	4.352	8.974	13.326
Lugo	15.410	8.655	24.065	6.279	8.492	14.771
Ourense	15.362	8.374	23.736	1.009	2.276	3.285
Pontevedra	39.005	24.413	63.418	1.667	3.948	5.615
GALICIA	116.213	70.811	187.024	13.307	23.690	36.997

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Afiliados autónomos non SETA por xénero.
Xuño 2010



Afiliados autónomos SETA por xénero.
Xuño 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.


Os grandes cambios producidos no sector agrario durante as últimas décadas: os novos marcos legais, a forte mecanización das tarefas agrarias, a importancia crecente da formación e cualificación dos recursos humanos e a incorporación da muller ao mercado laboral marcan a forte participación da muller neste sector, sobre todo en comunidades cun alto peso de comarcas rurais, como é o caso de Galicia.

O grao de implicación das mulleres aumenta cando se trata de economías domésticas baseadas nas explotacións familiares e producións menores; as tarefas de xestión e administración son levadas a cabo maioritariamente por elas. Tamén na aplicación de novas tecnoloxías semella que as mulleres están cada vez máis cualificadas. Sendo o sector agrario un espazo basicamente masculino, as mulleres, pola súa iniciativa, formación e capacitación pasan de ser man de obra familiar a ser consideradas como profesionais.

Tendo en conta os datos proporcionados pola Seguridade Social en xuño de 2010, Galicia, con 23.690 traballadoras, convértese na primeira comunidade autónoma española en canto a volume de afiliadas autónomas no sistema SETA (traballadoras agrarias), seguida moi de lonxe por Andalucía (con 8.721 afiliadas) e Castela e León (con 7.348). Preocupa neste contexto o feito de que no último ano se perderon en Galicia un total de 2.426 traballadoras afiliadas a este sistema, unha caída moi superior á experimentada polos homes (953 afiliados menos).

Estas cifras representan soamente unha parte da realidade galega neste ámbito, xa que o campo galego emprega moitas máis mulleres das que constan nas estatísticas oficiais. As mulleres no rural adoitan compaxinar o seu traballo diario no campo coas tarefas domésticas e o coidado asignado de persoas dependentes.

Volume de mulleres afiliadas ao réxime especial de autónomos S.E.T.A. nas comunidades españolas



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2.11 A SITUACIÓN DOS AUTÓNOMOS GALEGOS EN RELACIÓN CO CONXUNTO NACIONAL

Galicia, cos seus 224.021 afiliados ao réxime especial de traballadores autónomos, convértese na quinta comunidade autónoma española por volume de cotización neste réxime. Este dato significa que, do total de autónomos que se rexistran no territorio nacional, o 7,12% son galegos.


A visión varía se temos en conta o peso específico que os autónomos teñen en cada territorio en relación co total de afiliados de todos os réximes. En Galicia practicamente un de cada catro afiliados á Seguridade Social é autónomo, o que a converte na segunda comunidade autónoma con maior peso deste colectivo de traballadores. A nivel estatal, a proporción baixa ata un 17,87%; aínda así, España segue a estar por enriba da media europea de autónomos no total da poboación afiliada.

En marzo de 2010 Europa tiña un 16,3% de traballadores autónomos, superando esa media Grecia (30,6%), Turquía (26,7%), Italia (23,7%), Portugal (22,4%), Romanía (20,8%), Polonia (19,2%), Chipre (17,1%), España (17%), República Checa (16,8%) e Reino Unido (16,7%).

Pódese afirmar que a crise económica actual está a golpear especialmente con dureza o colectivo de autónomos, afirmación que se demostra co feito de que desde maio de 2008 o número deles, principalmente os homes, sofre un forte descenso en todas e en cada unha das comunidades autónomas españolas.


Un total de 262.405 traballadores autónomos déronse de baixa como tales nos dous últimos anos en España, o que supón un descenso dun 5,20%. Galicia, aínda que con datos tamén negativos, experimenta un descenso algo inferior ao acontecido no territorio nacional, un -3,89% (13.027 afiliados menos desde 2008), sendo a cuarta comunidade autónoma con menor perda de cotización dentro do colectivo de autónomos. Tamén no que se refire ao réxime xeral, a comunidade galega sofre unha redución de afiliacións nos dous últimos anos por debaixo da estatal, un -4,12% fronte ao -5,12% do territorio nacional.

Peso relativo dos autónomos nas distintas CCAA españolas a
xuño de 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

Variación de 2008 a 2010 no número e afiliados ao réxime especial de traballadores autónomos




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

Cómpre analizar esta variación interanual dunha maneira máis detallada. Estudando a composición por xénero dos autónomos en Galicia e vendo a súa evolución en comparación coa estatal, pódese comprobar como ambos os sexos seguen unha liña desigual: os autónomos galegos descenden porcentualmente a metade que os estatais, en cambio as mulleres autónomas galegas sofren unha baixada moi superior á nacional. Soamente as cidades autónomas de Ceuta e Melilla experimentan un crecemento no tocante á afiliación feminina no réxime de autónomos.

Hai que destacar que Lugo é a provincia española onde acontecen ao mesmo tempo dúas circunstancias: por unha banda, é a provincia española onde as mulleres autónomas obteñen un peso máis elevado sobre o total de afiliados (un 44,15%); no entanto, é a provincia onde se está a perder maior porcentaxe de afiliadas nos dous últimos anos, un -5,84% (un total de 1.514 mulleres).

Perda porcentual de afiliados autónomos de 2008 a 2009 por xénero




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

A pesar destes datos, o autoemprego convértese nunha alternativa real e efectiva para que as mulleres entren no mercado laboral, ademais de conseguir un desenvolvemento profesional xusto entre a súa formación, iniciativa e retribución. Esta alternativa ten necesariamente que ir acompañada de medidas para que as mulleres poidan compatibilizar a vida familiar e a laboral.

Este tipo de actividades adoitan reducir a segregación laboral existente, tanto desde o punto de vista dos sectores produtivos como das ocupacións. É, en definitiva, unha vía óptima para acadar a integración laboral da muller a través da participación naquelas actividades tradicionalmente masculinas, así como unha maior presenza en postos de mando e responsabilidade.

Quizais por estas razóns, Galicia lidera en España a proporción de mulleres autónomas con respecto aos homes, contando cun 42,18% de mulleres no total de afiliados neste sistema. No conxunto nacional, a porcentaxe baixa ata un 33,72%. Na provincia de Lugo, como acabamos de comentar, o peso das mulleres que traballan por conta propia é aínda maior, alcanzando o 44,15% do total de autónomos da provincia. Ademais, Lugo e A Coruña son as dúas provincias que maiores valores obteñen no territorio nacional.

Porcentaxe de mulleres autónomas sobre o total nas distintas comunidades autónomas españolas




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

En maio de 2010, e por primeira vez desde o mes de marzo de 2008, a afiliación de autónomos crece en Galicia un total de 673 traballadores de ambos os sexos en dous meses; deles, 365 son homes e 308 son mulleres. Este crecemento mensual non é privativo da nosa comunidade, xa que no ámbito nacional tamén os autónomos amplían as súas cotizacións en 7.944 traballadores. Soamente catro comunidades autónomas (País Vasco, A Rioja, Canarias e Madrid) seguen a liña descendente de afiliación empezada no ano 2008.

Xaneiro de 2010 foi o mes que experimentou un maior descenso de traballadores autónomos en comparación cos restantes meses do ano; só nese mes déronse de baixa en Galicia un total de 1.245 afiliados a este réxime.

Variación últimos doce meses dos afiliados ao réxime especial de traballadores autónomos por xénero



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2.12 OS TRABALLADORES AUTÓNOMOS ESTRANXEIROS EN GALICIA

Segundo os datos de afiliación extraídos das estatísticas da Seguridade Social, Galicia tiña en xuño de 2010 un total de 4.824 traballadores por conta propia con nacionalidade estranxeira, cifra que significa o 2,15% do total de autónomos rexistrados na nosa comunidade.

A Coruña e Pontevedra acaparan as tres cuartas partes dos afiliados estranxeiros neste réxime. Ademais, son as dúas únicas provincias que experimentaron unha perda de traballadores non nacionais de 2008 a 2009, período no que empezou a producirse un descenso importante de cotizantes en todos e cada un dos réximes. De 2009 a 2010 son Lugo e Pontevedra as que perden volume de afiliación estranxeira por conta propia. A Coruña e Ourense incrementan as altas á Seguridade Social neste réxime en 54 traballadores foráneos.

A comunidade autónoma galega perde desde 2008 un total de 110 autónomos estranxeiros, o que supón unha redución do -0,25%. Este descenso de traballadores é moi inferior ao acontecido no ámbito estatal (-2,73%) e, ademais, é inferior ao experimentado polos autónomos galegos, os cales perden un -3,89% dos seus efectivos.

AFILIADOS AUTÓNOMOS EN GALICIA CON NACIONALIDADE ESTRANXEIRA

	TOTAL	PESO RELATIVO
A Coruña	1.698	35,20%
Lugo	533	11,05%
Ourense	676	14,01%
Pontevedra	1.917	39,74%
GALICIA	4.824	

EVOLUCIÓN DOS AFILIADOS AUTÓNOMOS EN GALICIA CON NACIONALIDADE ESTRANXEIRA

	2008	2009	Variación 08/09	2010	Variación 09/10
A Coruña	1.735	1.655	-4,61	1.698	2,60
Lugo	515	534	3,69	533	-0,19
Ourense	654	665	1,68	676	1,65
Pontevedra	2.030	1.982	-2,36	1.917	-3,28
GALICIA	4.934	4.836	-1,99	4.824	-0,25
ESPAÑA	238.142	205.579	-13,67	199.971	-2,73

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Malia obter estes datos negativos nos dous últimos anos, pódese observar como o peso relativo dos autónomos estranxeiros dentro dos seus propios afiliados crece desde 2008. Nese ano o 11,34% dos seus cotizantes eran autónomos; en cambio, en 2010 esa porcentaxe sobe ata o 12,17%. Ourense é a provincia galega que


presenta un maior peso relativo dos autónomos de nacionalidade estranxeira, chegando a acadar o 14,38% do total de afiliados.

Ademais, igual que acontece cos afiliados autónomos galegos, os estranxeiros tamén aumentan os seus rexistros de afiliación no réxime por conta propia nos meses de maio e xuño de 2010. Este crecemento, aínda que mínimo, é debido na súa totalidade ás altas de Seguridade Social producidas nas mulleres estranxeiras, xa que os homes seguen a mesma liña descendente acontecida nos dous últimos anos.

Resulta alentador que o colectivo de inmigrantes, sobre todo mulleres, as cales están a padecer con dureza os efectos da crise económica actual, vexan no autoemprego unha saída efectiva para reincorporarse ao mercado de traballo.

Aínda así, estas cifras comentadas están lonxe de obter a porcentaxe dos afiliados autónomos galegos, os cales supoñen, como xa se mencionou con anterioridade, o 22,15% do total de cotizantes rexistrados.

Peso relativo dos autónomos nos últimos tres anos




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

A pesar do repunte de cotización que nos últimos meses están a mostrar as mulleres estranxeiras que optan por rexistrarse como autónomas no noso sistema da Seguridade Social, os homes seguen sendo o colectivo máis numeroso (61,4% fronte ao 38,6%). A porcentaxe de estranxeiras autónomas é algo inferior no ámbito estatal (34%) con respecto á ofrecida pola comunidade galega. Deste xeito, Galicia é a terceira comunidade autónoma española en superar a media estatal no que respecta ao peso relativo de traballadoras inmigrantes por conta propia, despois de Estremadura e Asturias.

Por provincias, A Coruña cun 41,93% e Lugo cun 40,71% son as que obteñen unhas porcentaxes máis elevadas de cotización feminina con nacionalidade estranxeira. As mulleres inmigrantes representan así unha importante “canteira” para o traballo autónomo.

Afiliados autónomos en Galicia con nacionalidade estranxeira e xénero



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.

Os datos facilitados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social en xullo de 2010 serven para analizar a composición dos afiliados autónomos estranxeiros en Galicia segundo a súa pertenza ou non á Comunidade Europea. Un total de 2.279 traballadores residentes na autonomía galega proveñen da Unión Europea, mentres que algúns máis, uns 2.540, o fan desde outros países de fóra de Europa.

Analizando a evolución destes segundo os seus países de procedencia, pódese ver como nos últimos doce meses os afiliados autónomos procedentes da Unión Europea perden traballadores e, ao mesmo tempo, crece a cotización de estranxeiros autónomos de nacionalidade extracomunitaria.

ESTRANXEIROS AUTÓNOMOS SEGUNDO A SÚA NACIONALIDADE

	Unión Europea	Non Unión Europea
A Coruña	635	1.049
Lugo	237	303
Ourense	424	256
Pontevedra	983	932
Galicia	2.278	2.540

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Como era de esperar, o país veciño Portugal, pola súa proximidade con Galicia, é aquel que subministra un maior volume de estranxeiros por conta propia á nosa comunidade autónoma, seguido moi de lonxe por Italia e Romanía. China convértese na nacionalidade que máis traballadores autónomos achega de todas as non comunitarias; de feito, un de cada catro autónomos estranxeiros ten esta nacionalidade.

O número de autónomos chineses afiliados á Seguridade Social rexistrou un incremento dun 13,36% nas inscricións con respecto ao exercicio precedente, unha evolución importante se se compara co resto de colectivos e se temos en conta o momento especialmente difícil que o emprego está a experimentar.

Entre os traballadores non comunitarios, destaca o descenso rexistrado pola afiliación marroquí, que mostra unha porcentaxe negativa dun -18,51%, así como da arxentina e da colombiana, que reduciron as súas cotizacións nun -12,54% e -7,96% respectivamente.

Entre as posibles explicacións do descenso de traballadores autónomos estranxeiros, atópanse: o paso de cotizar do réxime de autónomos ao de empregadas do fogar (moitas das mulleres estranxeiras están a traballar no coidado de nenos e persoas dependentes), o descenso do emprego no sector da construción, etc.

Algo máis da metade dos afiliados con nacionalidade chinesa que traballan en Galicia son autónomos (50,36%). Trátase do peso relativo máis elevado de todas as nacionalidades de empregados estranxeiros que están afiliados na nosa comunidade. Tras eles atópanse nacionalidades como Reino Unido (40%), Italia (24,27%) e Francia (21,6%), nas que tamén os emprendedores autónomos teñen un peso importante e similar ao ofrecido polos galegos.

**AS CINCO NACIONALIDADES MÁIS FRECUENTES ENTRE OS AFILIADOS ESTRANXEIROS
AO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS EN GALICIA**

Unión Europea		Non Unión Europea	
Portugal	1.252	China	619
Italia	275	Brasil	273
Romanía	198	Arxentina	230
Reino Unido	170	Colombia	208
Francia	129	Marrocos	176


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

A metade dos autónomos con nacionalidade estranxeira que traballan en Galicia pertencen aos sectores do comercio e hostalaría, mentres que o 14,68% prestan os seus servizos en actividades relacionadas coa construción.

Observando a evolución na afiliación producida de 2009 a 2010, apréciase como a construción é o sector máis castigado pola crise económica actual; nos últimos doce meses descende o volume de cotización estranxeira nesta actividade nun -16,61%, a caída máis pronunciada acontecida entre todas as actividades económicas do mercado

de traballo. Cunha variación negativa dun -10% sitúanse os autónomos estranxeiros que levan a cabo traballos en inmobiliarias, outro dos sectores altamente golpeado desde que se empezou a perder emprego no ano 2008.

Variación porcentual de afiliados autónomos estranxeiros de 2009 a 2010 segundo o país de procedencia. Galicia



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

Estas perdas de afiliación vense compensadas co crecemento no mesmo período doutras actividades como o comercio (+2,22%) e a hostalaría (+4,07%), onde os traballadores estranxeiros ven unha clara opción de emprender e introducirse no mercado laboral galego. Estes datos contrastan cos ofrecidos pola afiliación de autónomos galegos, xa que no mesmo período e para a mesma actividade de comercio estes descenden nun -70%.

Información e comunicación (+25%) e as actividades artísticas e de entretemento (+15,27%) foron sectores que, aínda sen unha importante tradición de autónomos, rexistraron fortes aumentos de cotización estranxeira por conta propia no período analizado.

AS DEZ ACTIVIDADES MÁIS DESTACADAS ENTRE OS AFILIADOS AUTÓNOMOS CON NACIONALIDADE ESTRANXEIRA


	TOTAL	PESO RELATIVO
Comercio e reparación de vehículos	1.610	33,37
Hostalaría	997	20,67
Construción	708	14,68
Industria manufactureira	235	4,87
Outros servizos	192	3,98
Actv. admt. serv. auxil.	182	3,77
Educación	170	3,52
Actv. prof. cient. téc.	153	3,17
Agric., gand. silv. pesca	143	2,96
Transportes, almacena.	125	2,59

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Comercio e hostalaría teñen unha maior importancia entre os traballadores non pertencentes á Unión Europea, xa que, como acabamos de comentar, os afiliados de nacionalidade chinesa son maioritarios neste colectivo e estes optan por actividades que na súa maior parte se reparten entre restaurantes, tendas de venda ao retallo e negocios de distribución de venda por xunto que sirvan de provisión de produtos.


A construción ten un peso maior nos cidadáns de procedencia europea, sobre todo entre os romaneses e portugueses; debido a esta circunstancia, son nacionalidades que perden afiliación no último ano.

As cinco actividades económicas principais entre os afiliados estranxeiros da Unión Europea ao réxime de autónomos de Galicia



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.

As cinco actividades económicas principais entre os afiliados autónomos estranxeiros non pertencentes á Unión Europea en Galicia



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.

3. OS OCUPADOS POR CONTA PROPIA SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) explotada polo Instituto Nacional de Estatística, considera persoas cunha actividade por conta propia aquelas que exercen unha actividade como tal como empresarios, traballadores independentes, membros de cooperativas que traballan nestas e traballadores familiares non remunerados (axudas familiares).

Non se consideran ocupadas por conta propia as seguintes persoas:

- As que se ocupan do seu fogar sen remuneración, aquelas que prestan servizos sociais non remunerados ou de carácter benéfico e outras persoas non remuneradas que exercen actividades fóra do ámbito das actividades económicas.
- Os traballadores estacionais por conta propia e os traballadores ocasionais familiares non remunerados na temporada de menor actividade que non traballaran na semana de referencia.

Segundo estas definicións e analizando os datos do segundo trimestre de 2010, Galicia ten un total de 233.900 ocupados por conta propia, 137.900 homes e 96.000 mulleres.

Ocupados por conta propia. Segundo trimestre de 2010

	Homes	Mulleres	Total
Empregador	47,5	23	70,5
Empresarios sen asalariados ou traballadores independentes	84	66,2	150,2
Membro de cooperativa	0,3	0,7	1
Axuda familiar	6,1	6,1	12,2
TOTAL	137,9	96	233,9

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en miles de persoas.

O 64,2% do total de ocupados son empresarios que non teñen asalariados ou son traballadores independentes, a situación máis común entre os autónomos galegos. Tras eles estarían os empregadores (30,14%), os traballadores familiares non remunerados (axuda familiar) cun 5,21% e, por último, os membros das cooperativas (0,42%).

As cooperativas son sociedades de capital variable que, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, desenvolven unha empresa de propiedade conxunta de todos os seus socios. Unicamente nesta categoría vemos como as mulleres superan os homes en volume de ocupación.

Cómpre destacar a mención especial que a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, lle dedica ao principio de igualdade nas sociedades cooperativas galegas. En consonancia cos seus principios e coa consideración da igualdade e da non discriminación como valor fundamental, os socios e as socias das


cooperativas galegas teñen as mesmas obrigas e dereitos. Así mesmo, esta lei fomenta a erradicación no ámbito deste tipo de sociedades da discriminación vertical e horizontal entre homes e mulleres.

Neste contexto, pódese observar como nos últimos anos existe un constante aumento da presenza das mulleres nas cooperativas de traballo asociado. A media de mulleres que ocupan cargos de certa dirección é superior nas cooperativas que nas demais fórmulas empresariais.

A pesar disto, compróbase como nos últimos dous anos tamén a crise económica afecta dunha maneira directa aos ocupados nas cooperativas, independentemente do seu sexo. Os traballadores por conta propia perden empregabilidade non soamente nesta categoría, senón en todas en cada unha das que conforman este tipo de actividade.

Comparando os datos do segundo trimestre de 2008 cos do segundo trimestre de 2010, constan en Galicia un total de 49.000 ocupados menos en actividades denominadas como de conta propia, o que significa que cada día a comunidade galega perde 67 autónomos. Por volume de traballadores, a perda máis significativa apréciase nos empresarios sen asalariados (22.000 empregados menos), seguidos dos empregadores (-17.300), axuda familiar (-7.200) e os membros das cooperativas (-2.500). Porcentualmente, estes últimos son os que sofren unha caída maior no seu peso relativo, descenso máis marcado nos homes que nas mulleres. Os membros de cooperativas en 2010 redúcense practicamente á metade dos rexistrados no ano 2008.

Variación porcentual da ocupación por conta propia de 2008 a 2010. Galicia



Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en porcentaxe.


A caída de empregabilidade por conta propia nos dous últimos anos chega a supoñer un 12,97% menos nos seus rexistros; no conxunto estatal esta redución supón unha porcentaxe algo menor, un 8,14%. Aínda así, a por-

centaxe de autónomos galegos sobre o conxunto dos nacionais practicamente non varía no mesmo período: un 7,53% do total en España son galegos.

Analizando a distribución dos ocupados por conta propia nas catro provincias galegas, constátase que, como era previsible, A Coruña e Pontevedra acaparan practicamente o 70% do total do volume de autónomos galegos segundo a Enquisa de Poboación Activa. A visión cambia cando se contempla o peso relativo que os autónomos teñen en cada unha das provincias galegas en comparación coa súa importancia a nivel da comunidade autónoma.

Lugo e Ourense están por riba da media galega en porcentaxe de ocupados por conta propia, cun 33,02% e cun 23,26% respectivamente, de acordo cos datos do segundo trimestre de 2010.

Peso relativo dos ocupados por conta propia. II trimestre de 2010




Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en porcentaxe.


Dentro de cada unha das provincias galegas, os traballadores independentes ou empresarios sen asalariados destacan por seren maioritarios en todas e cada unha delas; non obstante, é na provincia de Ourense onde estes acadan unha porcentaxe máis elevada sobre o resto de actividades por conta propia, practicamente o 70% do total.

Ourense destaca tamén por encima das restantes provincias da comunidade autónoma no tocante ao volume de traballadores familiares non remunerados (axuda familiar). A Organización Internacional do Traballo (OIT) define esta categoría como a composta por *aqueles empregados que traballan sen contraprestación económica a cambio nunha empresa familiar dirixida por un parente que vive no mesmo fogar. Alí onde sexa costume especialmente na mocidade que traballa sen paga nunha empresa xestionada por un familiar que non reside no mesmo fogar, pódese prescindir do requisito “vivir no mesmo fogar”* (NU, 1980).


A Coruña




Lugo



Ourense



Pontevedra




Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en miles de persoas.

A continuación analízanse dunha forma máis detallada os datos dos empresarios con e sen asalariados en Galicia segundo a súa ocupación profesional, nivel de formación acadado, tempo que levan traballando, idade e sector económico. A EPA ofrécenos soamente este tipo de información a nivel autonómico para estas dúas categorías por seren estas as que presentan un maior volume de ocupación.

Para empezar, cómpre analizar os ocupados con e sen asalariados en referencia aos grupos de idade dos seus compoñentes. O empresario independente ou aquel que non posúe traballadores ao seu cargo obtén unhas maiores proporcións de empregabilidade nas idades máis extremas, é dicir, entre os menores de 34 anos e nos maiores de 55, mentres que os empresarios con asalariados teñen maioritariamente idades intermedias (entre 35 e 54 anos).

O traballo por conta propia a miúdo demostra ser unha opción estratéxica de desenvolvemento para a inserción sociolaboral das persoas con maior dificultade ante o acceso ao mercado de traballo, entre eles as persoas máis novas e as de maior idade. Con esta finalidade, establécense cada vez máis programas específicos de axudas para a creación de empresas e incluso se incide de especial maneira naquelas empresas que non teñan persoas asalariadas e que mostren unha boa potencialidade para a creación de emprego.


Empresarios con ou sen asalariados por grupos de idade



Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE.

Neste punto resulta de interese analizar a evolución no último ano dos empresarios nas dúas modalidades (con e sen asalariados) tendo en conta a súa idade. O crecemento máis destacado dos empresarios con asalariados atópase, precisamente, entre os traballadores de maior idade, mentres que no caso dos traballadores independentes o colectivo de mediana idade (35-44 anos) é o que gaña un volume de empregados superior, un total de 4.100 ocupados nun ano. Por outra banda, estes últimos son os que máis empresarios con asalariados perden nos últimos doce meses.

Variación no volume de ocupados por conta propia segundo os grupos de idade. 2009/2010




Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en porcentaxe.

Por xénero, as mulleres obteñen unhas maiores porcentaxes de ocupación con respecto aos homes na categoría dos traballadores independentes ou sen asalariados. De feito, no segundo trimestre de 2010, o 44,07% do total de ocupados nesta categoría eran mulleres, porcentaxe que descende ata o 32,62% cando falamos de empresarios con asalariados.

Cando se analiza a composición por xénero e idade dos empresarios con e sen asalariados, pódese comprobar como o peso relativo das mulleres crece proporcionalmente á súa idade; deste xeito, as mulleres maiores de 55 anos supoñen practicamente a metade dos ocupados independentes rexistrados no segundo trimestre de 2010. Esta situación non se repite coas empresarias que teñen ao seu cargo algún traballador asalariado, pois xustamente neste intervalo de idade (maiores de 55 anos) é onde teñen unha presenza menor.

Porcentaxe de mulleres ocupadas con respecto aos homes por grupos de idade e situación profesional




Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en porcentaxe.

O 30% dos ocupados por conta propia con asalariados ao seu cargo teñen estudos de educación superior, mentres que a porcentaxe descende ata un 21% cando analizamos a mesma categoría formativa para os empresarios sen asalariados. Precisamente neste último colectivo teñen un peso relativo maior os ocupados con estudos primarios (18%) cando os comparamos cos empresarios con asalariados (11%). No entanto, os estudos medios (a educación secundaria) son os máis habituais en ambos os dous casos.

Cando se comparan os datos co total de ocupados, a formación dos autónomos é sensiblemente inferior. Dúas das posibles causas desta realidade poderían ser a inserción laboral de desempregados con relativamente baixa cualificación e as dificultades de acceso ao mercado de traballo.

O nivel formativo dos autónomos convértese nun tema prioritario, máis se cabe o uso das novas tecnoloxías, xa que son as que permiten que o traballo autónomo se poida estender adecuadamente e ademais estar presente hoxe en día en actividades profesionais novas, vinculadas a circuitos comerciais extensos e conectados con empresas de grandes dimensións, traballando en modernas compañías en rede a través dos mecanismos variados e ao alcance. Neste campo débense facer esforzos redobrados por parte dos poderes públicos para acadar a formación axeitada, flexible e necesaria.

Ocupados por conta propia segundo o nivel de formación acadado. Galicia II trimestre 2010




Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en miles de persoas.

Segundo a Enquisa de Poboación Activa, os autónomos en Galicia traballan maioritariamente a xornada completa, máis do 90% de todos eles en cada un dos dous colectivos analizados. Ao mesmo tempo, as persoas que colaboran con eles fan habitualmente a xornada parcial. Hai que destacar que a xornada parcial semella ser unha opción máis escollida polos traballadores independentes. Cómpre ter en conta que algunhas profesións, como as de avogado, médico ou veterinario, levan a cabo actividades polas que teñen que cotizar simultaneamente no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial de traballadores autónomos (RETA).

As mulleres empresarias independentes decántanse en maior medida pola xornada a tempo parcial, xa que, no mesmo período, un 15% delas optan por esta modalidade de traballo. No colectivo masculino esta proporción baixa ata un 6%, menos da metade.

Aínda que no traballo por conta allea a porcentaxe de contratos a tempo parcial nas mulleres é moito máis elevada que nas autónomas, as circunstancias que levan a decantarse por esta opción adoitan ser as mesmas: a muller segue asumindo, na maioría dos casos, as tarefas domésticas e o coidado das persoas dependentes, o que implica unha maior dificultade para compatibilizar o traballo coa vida privada. As xornadas de traballo a tempo parcial adoitan ser o instrumento utilizado para facilitar unha maior presenza da muller no actual mercado laboral, aínda que tamén ás veces se converte na única posibilidade de inserción ante a imposibilidade de atopar un traballo a xornada completa.

Ocupados por conta propia segundo o tipo de xornada de traballo.
Galicia II trimestre 2010



Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en porcentaxe.

Tres de cada catro empresarios en Galicia levan seis anos ou máis traballando na empresa actual, segundo os datos de xuño de 2010 da EPA. Esta antigüidade laboral móstrase como a máis frecuente tanto nos homes como nas mulleres. Analizando os mesmos datos temporais no colectivo de asalariados, a diferenza é notoria, o 71% dos asalariados no sector público levan máis de seis anos traballando, como é lóxico, na mesma empresa. Ao mesmo tempo, menos da metade, o 45% dos asalariados no sector privado, leva ese mesmo tempo na compañía pola que están contratados.

Ocupados por conta propia segundo o tempo que levan traballando na empresa actual e xénero.
Galicia. II trimestre de 2010.

Empresarios con ou sen asalariados	Total	Homes	Mulleres
Total	220,8	131,5	89,2
Menos de 3 meses	3,7	2,6	1,0
De 3 a 5 meses	2,4	2,1	0,3
De 6 a 11 meses	5,4	3,4	2,0
De 1 ano a menos de 2 anos	10,6	4,8	5,7
De 2 anos a menos de 3 anos	9,3	6,4	3,0
De 3 anos a menos de 6 anos	30,1	16,7	13,4
6 anos ou máis	159,3	95,4	63,8

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en miles de persoas.


Nunha análise por sectores, obsérvase como o sector servizos é o que aglutina o maior volume de ocupados por conta propia, tanto en empresarios con asalariados como sen eles, seguido pola agricultura, gandería, caza e silvicultura; tras eles sitúase a construción, a industria e a pesca en último lugar.

En todos e cada un dos sectores económicos, os empresarios independentes mostran resultados superiores aos empregadores, sendo no sector agrícola onde a brecha entre ambos os dous é máis significativa.

Tendo en conta a variación producida no último ano, é evidente a perda de ocupación en xeral: de 2009 a 2010 déronse de baixa un total de 9.100 empresarios con asalariados e uns 4.900 traballadores independentes. Por sectores de produtividade, os empresarios con traballadores ao seu cargo experimentan un descenso de empregabilidade en todos eles excepto na pesca e acuicultura, onde en doce meses se rexistran 500 altas de traballadores.


No tocante aos empresarios independentes, cómpre destacar como dato positivo, a pesar do momento especialmente difícil que está a vivir o emprego actual, o incremento de ocupación nos sectores dos servizos e da agricultura. As actividades encadradas dentro do sector servizos teñen 5.100 empresarios individuais máis que en 2009; deles 3.800 son mulleres e 1.300 homes.

Empresarios con ou sen asalariados por sector económico. Galicia. II trimestre de 2010



Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en miles de persoas.

Variación 2009/2010 dos ocupados por conta propia segundo sectores. Galicia




Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en porcentaxe.

Cando a análise se efectúa por ocupación, o perfil do empresario varía. O empresario con asalariados en Galicia ten como ocupación principal a dirección das empresas e das administracións públicas (cun 61%), mentres que o traballador independente ten como actividade principal o labor cualificado dentro da agricultura e a pesca (31%). Nestes últimos a ocupabilidade está moito máis repartida, xa que outras categorías como as de artesáns das industrias manufactureiras, técnicos de apoio e dirección de empresas teñen tamén unha importante presenza entre estes profesionais.

As mulleres empresarias con asalariados obteñen uns valores máis elevados en comparación cos homes nas categorías de empregados de tipo administrativo e traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios. As traballadoras independentes da agricultura e a pesca son as que presentan un maior volume de ocupación, e, ademais, teñen 4.400 ocupadas máis que os homes na mesma categoría.


Precisamente, as actividades relacionadas co sector primario son as que maior número de ocupados por conta propia gañan desde 2009, un total de 6.100 traballadores en doce meses. Esta ganancia contrasta coa perda importante de activos sufrida polo colectivo de directivos de empresas e das administracións públicas, os cales no mesmo período descenden en 11.000 traballadores.

Empresarios con asalariados segundo a súa ocupación



Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en porcentaxe.

Ocupados/traballadores independentes ou empresarios sen asalariados segundo a súa ocupación



Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en porcentaxe.

4. O PERFIL DO TRABALLADOR AUTÓNOMO EN GALICIA

Periodicamente lévase a cabo e publícase a confección dun perfil dos traballadores autónomos nas distintas comunidades autónomas españolas e tamén a nivel estatal. Este perfil está elaborado baseándose nos datos dos autónomos “propriadamente ditos”, é dicir, aqueles traballadores afiliados a algún dos réximes por conta propia da Seguridade Social e que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas nin entidades societarias.

Tamén se exclúen os que figuran como colaboradores familiares e os que están rexistrados formando parte dalgún colectivo especial de traballadores. O Ministerio de Traballo e Inmigración é o encargado de elaborar este perfil.

Galicia ten en 30 de xuño de 2010 un total de 224.021 afiliados ao réxime especial de traballadores autónomos, dos cales 154.510 son autónomos propriadamente ditos, coas características que acabamos de comentar. Estes representan o 7,7% do total de autónomos propriadamente ditos que integran o conxunto nacional. O perfil que se detalla a continuación fai referencia a este colectivo.

Os resultados totais e as súas porcentaxes son as seguintes:

Por sectores de actividade:

84.514	autónomos en servizos (54,7% do total)
45.518	autónomos en agricultura (29,5% do total)
17.341	autónomos en construción (11,2% do total)
7.137	autónomos en industria (4,6% do total)

Por situación profesional:

124.999	sen asalariados (80,9% do total)
29.511	con asalariados (19,1% do total)
149.194	sen pluriactividade (96,6% do total)
5.316	con pluriactividade (3,4% do total)

Por sexo:

86.819	homes (56,2% do total)
67.691	mulleres (43,8% do total)

Por idade:

67.639	de 40 a 54 anos (43,8% do total)
47.841	de 55 ou máis anos (31,0% do total)
37.055	de 25 a 39 anos (24,0% do total)
1.975	menores de 25 anos (1,3% do total)

Por nacionalidade:

151.406	españóis (98,0% do total)
3.104	estranxeiros (2,0% do total)

Por antigüidade no negocio:

79.525	5 ou máis anos (51,5% do total)
7.102	menos de 6 meses (4,6% do total)
49.853	de 1 a 3 anos (32,3% do total)
12.709	de 3 a 5 anos (8,2% do total)
5.321	de 6 a 11 meses (3,4% do total)

Por base de cotización:

120.054	base mínima (77,7% do total)
19.957	entre b/mínima e 1,5 b/mínima (12,9% do total)
12.084	entre 1,5 e 2 b/mínima (7,8% do total)
1.687	entre 2 e 3 b/mínima (1,1% do total)
728	máis de 3 veces b/mínima (0,5% do total)

Como se pode comprobar, a pesar de ser maioritario o perfil de autónomos no sector servizos (un 54,7% do total dos rexistros), existe unha importante presenza en Galicia de traballadores por conta propia na agricultura (29,5%). Atendendo á súa situación profesional, claramente os empresarios sen asalariados e sen pluriactividade son as condicións máis frecuentes entre os autónomos galegos. A pluriactividade é máis frecuente nos traballadores máis novos.

Aínda que o colectivo masculino ten maior peso relativo que o feminino, consta segundo as estatísticas oficiais unha importante presenza de mulleres no total de traballadores galegos por conta propia; de feito, Galicia é a primeira comunidade autónoma española en canto á porcentaxe de mulleres sobre o total (43,8%).


Sucede a mesma situación cos autónomos maiores de 55 anos. A pesar de que o colectivo de idade maioritario é o conformado polas persoas que teñen entre 40 e 54 anos, os maiores de 55 anos teñen un volume moi significativo, un 31% do total de autoempregados. Galicia é a primeira comunidade autónoma española en canto á porcentaxe de traballadores por conta propia de maior idade. Incluso este colectivo ten unha participación maior que o grupo de idades comprendidas entre os 25 e os 39 anos, situación que soamente acontece na comunidade galega.

Estas idades descenden cando falamos de autónomos procedentes doutros países. En Galicia soamente o 2% do total de traballadores por conta propia son estranxeiros segundo os datos de xuño de 2010. En España este colectivo supón un 6,6%, unha porcentaxe bastante máis elevada que a galega; de feito, Galicia xunto con Extremadura son as dúas comunidades que menor alcance teñen en canto a traballadores inmigrantes por conta propia.

Algo máis da metade dos autónomos levan máis de cinco anos de alta na Seguridade Social; esta porcentaxe é sensiblemente superior nos homes, os de máis idade e os nacionais.

O 77,7% dos autónomos galegos cotizan pola base mínima. Esta porcentaxe é máis elevada cando a idade é inferior aos 50 anos, a base de cotización aumenta proporcionalmente á idade; a explicación é a proximidade á idade de xubilación.

Tendo en conta os valores maioritarios dentro de cada variable comentada, pódese extraer o seguinte perfil dos autónomos galegos:



A crise económica actual non variou o perfil do autónomo galego. Cando se comparan os datos de 2008, 2009 e 2010, observamos o seguinte:

- **Por sectores de actividade:** increméntase o peso dos autónomos no sector servizos; de representaren un 51,4% sobre o total en 2008 pasan a supoñer en 2010 un 54,7%. Estes tres puntos porcentuais de diferenza acontecidos en tres anos son precisamente os que perde o sector da agricultura. En 2008 os autónomos no sector primario eran o 32,5% e en 2010 apenas superan o 29%. Enténdese así que un certo sector do colectivo de autónomos pasen da agricultura aos servizos movidos polos grandes cambios que o emprego está a experimentar no último período.
- **Por situación profesional:** aumenta lixeiramente a porcentaxe de empresarios con asalariados sobre o total e continúa a mesma distribución dos autónomos con e sen pluriactividade nos dous últimos anos.
- **Por sexo:** a pesar de perderen afiliados ao réxime de autónomos en ambos os dous sexos desde 2008, os homes gañan algo de importancia na distribución total, pasando de representar o 55,8% do total de autónomos rexistrados nese ano a un 56,2% en 2010.
- **Por idade:** o repartimento dos autónomos por grupos de idade apenas ten cambios significativos no período temporal analizado; todos e cada un deles perden volume de empregados. O colectivo maioritario (de 40 a 54 anos) precisamente é o que máis traballadores perde nos dous últimos anos, con 4.835 ocupados menos.
- **Por nacionalidade:** os autónomos estranxeiros seguen a representar o 2% do total, igual que acontecía no ano 2008. Ambos os colectivos, os autónomos galegos e os estranxeiros, perden afiliados no período pero son

os primeiros os que sofren unha caída porcentual algo máis acentuada (-8,35% menos de autónomos galegos desde 2008 e -6,81% menos de autónomos estranxeiros).

- **Por antigüidade no negocio:** esta categoría é a que experimenta o maior cambio na distribución dos autónomos. Desde 2008 descenden bruscamente aqueles que levan menos tempo rexistrados como tales: os afiliados que levan menos de 11 meses cotizando neste sistema perden un total de 42.623 traballadores en dous anos. Tamén os de maior antigüidade (máis de 5 anos) descenden en 2.500 ocupados, tramo de idade que está moi influído pola proximidade á idade de xubilación; algúns deles mesmo optan por adiantar o peche dos seus negocios ante unha realidade laboral especialmente difícil.
- **Por base de cotización:** en dous anos percíbese un aumento, aínda que reducido, dos autónomos que cotizan polas bases máis elevadas e unha diminución dos afiliados cotizantes na base mínima.



5. ECONOMÍA SOCIAL: COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

Para a delimitación do concepto de traballo autónomo, non chega coa simple contraposición á de traballo asalariado, senón que merece unha análise da súa evolución e da súa tipoloxía actual.

O traballo autónomo ten como características xerais que é unha actividade realizada por conta propia, desenvolvida de forma independente e non remunerada salarialmente, aínda que estas características non pechan o perfil, dado que aquí caberían non só os empresarios individuais e traballadores autónomos, senón tamén os empregadores con ata 5 traballadores, as axudas familiares e os membros de cooperativas e sociedades laborais.

No desenvolvemento do autoemprego, as chamadas empresas de economía social, articuladas fundamentalmente a través de cooperativas e sociedades laborais, constitúense como unha categoría de especial importancia na dinamización da economía e a promoción do emprego.


SOCIEDADES COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS. SOCIEDADES E SOCIOS INICIAIS SEGUNDO CLASE

xaneiro- xuño 2010	Total		Traballo asociado		Vivenda		Agraria		Servizos		Transporte		Outros	
	nº cooper.	nº socios	nº cooper.	nº socios	nº cooper.	nº socios	nº cooper.	nº socios	nº cooper.	nº socios	nº cooper.	nº socios	nº cooper.	nº socios
Galicia	17	1.354	7	29	3	76	3	1.203	2	36	1	4	1	6

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Entre xaneiro e xuño de 2010 constituíronse en Galicia un total de 17 cooperativas integradas por 1.354 socios. Delas, sete constituíronse na modalidade de traballo asociado, tres como cooperativas de vivenda, outras tres agrarias, dúas de servizos, unha de transportes e unha na categoría outras. De todo os xeitos, o que chama a atención é que a gran maioría da concentración de socios se rexistrou nas tres cooperativas constituídas como agrarias, onde se concentran 1.203 dos 1.354 socios. Esta representa unha porcentaxe do 89% dos socios totais. As outras cooperativas achegan un número de socios moi inferior; por exemplo, as sete cooperativas de traballo asociado contaron con 29 socios.

Porcentaxe de sociedades cooperativas constituídas en Galicia entre xaneiro e xuño de 2010




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.


No ano 2009 entre xaneiro e xuño constituíronse 19 sociedades cooperativas, dúas máis que para este período de 2010; non obstante, o número de socios rexistrou un importante incremento en 2010. As 19 cooperativas de xaneiro a xuño de 2009 contaban con 353 socios, mentres que as 17 que se rexistraron no mesmo período de 2010 acadaron unha cifra de 1.354, o que supuxo un incremento de 1.001 socios de cooperativas.

No conxunto do Estado rexistráronse no primeiro semestre de 2010 un total de 613 cooperativas compostas por 9.164 socios. A porcentaxe de cooperativas constituídas en Galicia tan só supuxo o 3% do total nacional, aínda que, se atendemos ao número de socios integrantes nestas cooperativas, a porcentaxe galega no conxunto do Estado acadou o 13%.

Porcentaxe de sociedades cooperativas constituídas entre xaneiro e xuño de 2010



Porcentaxe de socios de cooperativas constituídas entre xaneiro e xuño de 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

SOCIEDADES LABORAIS REXISTRADAS - SOCIEDADES E SOCIOS INICIAIS SEGUNDO O TIPO

Xaneiro-xuño 2010	Sociedades	Total socios			Socios traballadores			Socios de capital		
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	27	99	69	30	73	54	19	26	15	11

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

As sociedades laborais constituídas en Galicia no primeiro semestre de 2010 ascenderon a 27, o que supuxo un total de 99 socios. Destes, 69 foron homes e 30 mulleres. A maior parte constituíronse como socios traballadores, concretamente 73, mentres que os socios de capital foron 26. En xeral as mulleres entraron como socias de capital nunha porcentaxe maior: o 36,7% fronte ao 21,7% dos homes.

SOCIEDADES LABORAIS E SOCIOS INICIAIS SEGUNDO O SECTOR DE ACTIVIDADE

Xaneiro-xuño 2010	Total		Agrario		Industria		Construción		Servizos	
	Sociedades	Socios	Sociedades	Socios	Sociedades	Socios	Sociedades	Socios	Sociedades	Socios
Galicia	27	99	0	0	10	40	5	14	12	45

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Doce sociedades laborais constituíronse no sector de servizos, cun total de 45 socios; en industria rexistráronse 10 integradas por 40 socios, no sector da construción foron 5 compostas por 14 socios. En agricultura non se rexistrou ningunha.


SOCIEDADES LABORAIS E SOCIOS INICIAIS. Galicia - España - Xaneiro-xuño 2010

Galicia	Soc. labor.	Nº socios	España	Soc. labor.	Nº socios
2009	20	71	2009	668	2.493
2010	27	99	2010	714	2.627

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O primeiro semestre de 2010 rexistrou unha evolución positiva con respecto ao mesmo período de 2009. O número de sociedades laborais e de socios destas experimentou un crecemento tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Concretamente en Galicia, pasouse de 20 a 27 sociedades laborais, mentres que o número de socios tamén aumentou en 28 efectivos.


Porcentaxe de sociedades laborais galegas por sectores. Xaneiro-xuño 2010




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Das 714 sociedades laborais constituídas en España de xaneiro a xuño de 2010, vinte rexistráronse en Galicia, o que representa o 4%, a mesma porcentaxe que amosan os socios integrantes. Este feito destaca a escasa incidencia que esta importante modalidade de autoemprego representa na nosa comunidade.

Porcentaxe de sociedades laborais constituídas entre xaneiro a xuño de 2010



Porcentaxe de socios de sociedades laborais constituídas entre xaneiro a xuño de 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

SOCIEDADES COOPERATIVAS ACUMULADAS.- Ata xuño de 2010

Cooperativas	2º trimestre de 2010	Variación 2009-2010	
	número	absoluta	%
Galicia			
II/2010	870	-8	-0,9

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O total de sociedades cooperativas constituídas en Galicia ata xuño de 2010 ascendeu a 870. Con respecto ás acumuladas na mesma data do ano 2009, obsérvase unha diferenza de 8 cooperativas menos, o que supón unha variación negativa que non chega ao 1%.

SOCIOS DE SOCIEDADES COOPERATIVAS ACUMULADAS.- Ata xuño 2010


Coop. Galicia	Nº socios	Variación 2009-2010		Coop. España	Nº socios	Variación 2009-2010	
II/2009	8.308	absoluta	%	II/2009	277.705	absoluta	%
II/2010	8.305	-3	-0,04%	II/2010	274.290	-3.415	-1,23%

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O número de integrantes destas 870 cooperativas acumulados ata xuño de 2010 ascendeu a 8.305 socios, tres menos que na mesma data do ano 2009. A variación interanual resulta case insignificante: - 0,04%.

No conxunto do Estado a perda de 3.415 socios de cooperativas tradúcese nunha caída porcentual do 1,23%. De todos os xeitos, o peso do cooperativismo galego en España tan só representa o 3% en canto a número de socios se refire.

Porcentaxe de socios de cooperativas constituídas ata o 3º trimestre de 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

SOCIEDADES LABORAIS ACUMULADAS.- Ata xuño de 2010

Sociedades laborais	2º trimestre de 2010	Variación 2009-2010	
Galicia	número	absoluta	%
II/2010	811	-86	-9,6%

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O número total de sociedades laborais constituídas con data de xuño de 2010 ascendía a 811. Con respecto á mesma data do ano 2009, obsérvase que esta categoría de autoemprego contaba con 86 sociedades máis, co que a variación interanual presenta unha evolución negativa que acada unha porcentaxe do -9,6%.

SOCIOS DAS SOCIEDADES LABORAIS ACUMULADAS.- Ata xuño de 2010


Soc. lab. Galicia	Nº socios	Variación 2009-2010		Soc. lab. España	Nº socios	Variación 2009-2010	
II/2009	4.233	absoluta	%	II/2009	91.751	absoluta	%
II/2010	3.745	-448	-11%	II/2010	86.278	-5.473	-6%

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O total de sociedades laborais constituídas en Galicia ata xuño de 2010 tiñan 3.745 socios. Esta cifra viuse recortada en 488 efectivos con respecto á mesma data do ano 2009; isto supuxo unha evolución negativa que se manifesta nunha porcentaxe do -11%. O total nacional rexistrou 86.278 socios, 5.473 menos que no ano anterior, o que supuxo unha variación interanual do -6%.

A porcentaxe de socios galegos de sociedades laborais con respecto ao total de socios do conxunto de Estado representa o 4%.

Porcentaxe de socios de sociedades laborais constituídas ata o 2º trimestre de 2010



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

6. EMPRESAS CON TITULARIDADE DE PERSOA FÍSICA

Dentro do concepto de traballo autónomo, tamén están comprendidas as persoas físicas que posúen a titularidade de empresas. Neste sentido, podemos recorrer á información estatística subministrada polo Directorio Central de Empresas (DIRCE), que reúne nun sistema de información único o conxunto de empresas españolas e as súas unidades locais situadas no territorio nacional. Actualmente están cubertas todas as actividades económicas agás a agricultura e pesca; a administración pública, defensa e Seguridade Social obrigatoria; as actividades dos fogares que empregan persoal doméstico, e as organizacións extraterritoriais.


Empresas con titularidade xurídica a cargo de persoas físicas con sede social en Galicia por provincia

Persoas físicas	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003	2002	2001	2000
Total nacional	1.745.912	1.793.897	1.857.931	1.853.012	1.791.126	1.767.265	1.738.456	1.694.543	1.662.183	1.651.265	1.662.679
Coruña (A)	47.251	48.259	49.080	49.550	48.090	47.935	47.613	46.366	43.244	47.115	47.820
Lugo	15.127	15.355	15.668	15.780	15.560	15.462	15.333	15.639	15.559	15.710	15.962
Ourense	13.877	14.145	14.557	14.858	14.644	14.663	14.821	14.708	14.655	14.815	14.972
Pontevedra	35.978	36.637	37.486	37.769	36.647	36.099	36.272	35.107	34.573	34.160	34.563
Total Galicia	112.233	114.396	116.791	117.957	114.941	114.159	114.039	111.820	108.031	111.800	113.317

Fonte: INE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

En xaneiro do ano 2010 había en Galicia un total de 112.233 empresas con titularidade de persoas físicas, o que supón o 6,4% con respecto ao total nacional. Non hai que esquecer que esta estatística non recolle a actividade agraria. A provincia da Coruña, con 47.251, representa o 42% do conxunto de Galicia; a continuación atópase a provincia de Pontevedra, con 35.978. As dúas provincias atlánticas reúnen tres de cada catro empresas con esta condición xurídica.

Porcentaxe de empresas con titularidade de persoa física por provincia




Fonte: INE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

No que respecta á evolución empresarial destes últimos anos, obsérvase un descenso sostido e continuado a partir de 2007, que foi o ano en que se acadou o rexistro máis alto, con 117.957 empresas baixo a titularidade de persoas físicas. A partir de aí a caída anual persistiu de xeito uniforme ata rexistrar 112.233 empresas. O diferencial negativo tamén se cumpre con respecto ao ano 2000, cando o censo empresarial rexistraba unha cifra superior en máis de mil empresas destas características.

A nivel provincial obsérvase un comportamento evolutivo similar.

Evolución de número de empresas con titularidade de persoa física. Galicia 2000-2010



Fonte: INE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.


A nivel sectorial, e tendo en conta que non se recollen datos do sector primario, obsérvase unha importante preeminencia das empresas encadradas no sector dos servizos. No ano 2008, que é o último do que temos datos segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas, atópamos un total de 99.704 empresas cuxa titularidade xurídica a teñen por persoas físicas; isto supón o 81% do total. O peso empresarial dos outros dous sectores é moito menor: un 14% na construción e tan só un 5% en industria e enerxía.

Empresas con titularidade xurídica a cargo de persoas físicas con sede social en Galicia segundo a actividade principal (divisións CNAE 2009)

GALICIA 2008	Persoas físicas
2 Industria, incluída a enerxía	6.591
INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	6.416
INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	99
ABASTECIMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	68
ABASTECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	8
3 Construción	17.459
CONSTRUCCIÓN	17.459
4 Servizos	99.704
COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	34.192
HOSTALARÍA	16.103
ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	15.444
TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	10.277
OUTROS SERVIZOS	6.330
ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	4.720
ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	4.541
ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	2.521
EDUCACIÓN	2.248
ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	2.011
ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	725
INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	592

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Porcentaxe de empresas con titularidade de persoa física por actividades económicas. Galicia 2008



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.


As empresas encadradas na industria e nos servizos atópanse diversificadas en distintas actividades económicas. No caso do sector dos servizos, o maior número das empresas que cumpren a condición xurídica de pertencer a persoas físicas atópanse en actividades propias do comercio, concretamente 34.192; a continuación sitúanse as 16.103 empresas dedicadas a hostalaría e as 10.277 encadradas dentro das actividades de transporte e almacenamento.

Empresas dentro do sector dos servizos. Galicia 2008



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Porcentaxe de empresas dentro da industria. Galicia 2008



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Dentro do sector secundario, vemos como practicamente todas as empresas que se dedican á industria e á enerxía están incluídas dentro de actividades económicas da industria manufactureira. Concretamente 6.416 das 6.591, o que representa o 97% do total.

7. PENSÍONS

A pensión media que reciben os autónomos galegos segundo os datos que ofrece o Ministerio de Trabajo e Inmigración para agosto de 2010 está situada nos 487,45 euros. A Coruña e Pontevedra estarían por encima desta media galega, sendo esta última a que presenta a contía máis elevada (494,44 euros).

Tendo en conta o volume de pensionistas, o dato máis recente indícanos a existencia dun total de 288.283 en Galicia no oitavo mes do presente ano 2010. O 33,54% deles están na provincia da Coruña, seguida de Lugo (25,16%), Pontevedra (23,14%) e Ourense (18,14%).

PENSÍONS EN VIGOR O 1 DE AGOSTO DE 2010. RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS


Comunidade Autónoma	iNCAPACIDADE PERMANENTE		XUBILACIÓN		VIUVEZ		ORFANDE		FAVOR DE FAMILIARES		TOTAL PENSÍONS	
	Nº	P. media	Nº	P. media	Nº	P. media	Nº	P. media	Nº	P. media	Nº	P. media
GALICIA	16.658	548,25	196.193	532,17	64.915	355,47	7.262	361,50	3.255	393,31	288.283	487,45
A CORUÑA	6.265	548,42	64.884	539,56	21.701	388,64	2.800	372,50	1.063	391,42	96.718	499,81
LUGO	3.520	530,99	50.162	525,76	16.923	310,80	1.430	356,44	507	378,10	72.542	471,50
OURENSE	2.782	554,45	35.414	524,49	11.981	338,41	1.251	370,02	869	405,05	52.297	477,78
PONTEVEDRA	4.091	558,64	45.728	534,67	14.310	372,27	1.781	342,27	816	392,70	66.726	494,44

Fonte: Seguridade Social. Ministerio de Trabajo e Inmigración. Datos en euros.

O 68% do total de pensións que reciben os autónomos galegos corresponden ás prestacións por xubilación, a situación máis frecuente. Séguenlle en importancia as pensións contributivas percibidas por viuvez, incapacidade permanente, orfandade e pensión a favor de familiares (aquelas que poden percibir familiares que conviviran co causante da prestación, non teñan dereito a unha pensión pública e carezan de medios de subsistencia).

Os pensionistas autónomos que perciben unha retribución por incapacidade permanente teñen a pensión máis elevada, cos seus 548,25 euros de media, e, ao mesmo tempo, aqueles que reciben a pensión por viuvez cobran a contía menor (355,47%).

Pensións en Galicia dos traballadores autónomos segundo a súa natureza



Fonte: Seguridade Social. Ministerio de Trabajo e Inmigración.


Cando se comparan as retribucións percibidas por pensións dos autónomos galegos cos afiliados aos restantes réximes de cotización, claramente os autónomos están en peor situación. Mentres que a pensión media dos autónomos, como acabamos de comentar, está en 487,45 euros, a dos pensionistas que cotizaron polo réxime xeral está en 804,94 euros (317 euros máis para os pensionistas do réxime xeral, un 40% máis que os autónomos).

Os cotizantes do réxime agrario cobran de pensión media no mesmo período temporal 489,61 euros, os traballadores do mar 774,26 euros, os do carbón 1.095,43 euros e finalmente os afiliados que cotizan polo réxime do fogar un total de 470,83 euros, o único réxime que estaría por debaixo dos autónomos en canto ao importe das súas pensións.

Todos os tipos de pensións que perciben os empregados autónomos, incapacidade permanente, xubilación, viuvez e favor familiar, excepto a pensión por orfandade, supoñen un valor inferior no tocante á cifra da pensión media dos traballadores por réxime xeral. Nas pensións por xubilacións é onde se percibe unha diferenza maior entre autónomos e traballadores do réxime xeral: en agosto de 2010 os xubilados do réxime xeral cobran 418 euros máis que os autónomos, un 44% máis en termos porcentuais.

Aqueles traballadores que cobran unha pensión por orfandade reciben unha cantidade maior se cotizan polo réxime de autónomos en comparación co réxime xeral; é o único caso en que sucede isto.

Pensión media segundo tipoloxía. Galicia. Agosto 2010




Fonte: Seguridade Social. Ministerio de Trabajo e Inmigración. Datos en euros.

Levando a cabo unha ratio entre afiliados e pensións nos réximes xeral e de autónomos, os resultados son moi significativos. Mentres que no réxime xeral atopamos 2,38 afiliados por cada pensión en vigor, no réxime especial de traballadores autónomos hai máis pensións que traballadores afiliados, 288.283 pensións e 223.013 emprendedores cotizando a este sistema.

Por último, resulta interesante analizar a situación dos pensionistas autónomos galegos en relación cos pensionistas autónomos nas restantes comunidades autónomas e no conxunto nacional. O máis destacable é que Galicia está á cabeza das CCAA no tocante ao volume de pensións en vigor de autoempregados, mesmo por riba de comunidades con moitos máis cotizantes, como poden ser Cataluña, Madrid ou Andalucía.

Esta situación acontece coas pensións dos autónomos e coas do réxime do mar, xa que nos restantes réximes de cotización Galicia non ten tanta relevancia en comparación co volume rexistrado nas demais comunidades autónomas.


Pensións de traballadores autónomos en vigor nas CCAA españolas. Agosto 2010



Fonte: Seguridade Social. Ministerio de Trabajo e Inmigración.

Galicia pasa a ocupar a última posición entre as CCAA españolas cando falamos do importe medio das pensións en vigor dos traballadores por conta propia. Entre a comunidade autónoma que máis elevada pensión ofrece –o País Vasco– e a que menos –a comunidade galega– hai unha diferenza de 140,43 euros. A media estatal sitúase en 548,46 euros de media, o que supón que os autónomos galegos cobran un 11,12% menos que o total de autónomos do país.

Importe das pensións en vigor dos traballadores autónomos nas comunidades autónomas




Fonte: Seguridade Social. Ministerio de Trabajo e Inmigración. Datos en euros.

Nas pensións por xubilación é onde se aprecia unha disparidade maior entre comunidades autónomas: os xubilados do País Vasco cobran 707,3 euros de pensión media, mentres que os galegos cobran 532,17 euros, unha diferenza de 175,13 euros ao mes. Tamén neste caso Galicia está por debaixo do importe medio estatal, xa que os xubilados españois ingresan uns 604 euros como pensión de xubilación.

Neste sentido resulta moi importante o esforzo que levan a cabo moitos autónomos para lograr aumentar a súa base de cotización, xa que, como podía apreciarse no perfil do autónomo galego, o 77,7% do total cotizan por esta base mínima. Este tema convértese nun problema para os autónomos galegos, os cales meditan moito a decisión de xubilarse ante a baixa remuneración que van percibir cando se atopen nesta nova situación.

Importe das pensións por xubilación dos autónomos nas comunidades autónomas



Fonte: Seguridade Social. Ministerio de Trabajo e Inmigración. Datos en euros.

8. SINISTRALIDADE LABORAL

Este punto vén marcado pola escasa información estatística que o colectivo de autónomos ten no ámbito da saúde laboral, máis se cabe a nivel de comunidade autónoma, debido, entre outras cuestións, á particular xurisprudencia na que se asenta a actividade levada a cabo por estes traballadores.

Desde o ano 2004 os traballadores autónomos que así o decidan teñen a posibilidade de melloraren a protección do réxime especial de traballadores autónomos (RETA) incorporando a protección do accidente de traballo e a enfermidade profesional. O único requisito que se exige é que tamén opten pola cobertura da prestación de incapacidade temporal.

A entrada en vigor da Lei 20/2007, pola que se aproba o Estatuto do traballo autónomo, supón un avance e unha mellora no coñecemento das condicións de traballo neste colectivo. Nesta norma faise obrigatoria a cobertura da prestación por accidente de traballo e enfermidade profesional aos denominados traballadores autónomos economicamente dependentes e a aqueles integrados en actividades de maior risco. Polo tanto, ano a ano vaise mellorando o grao de coñecemento do comportamento fronte ao accidente de traballo rexistrado no colectivo de autónomos.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) elabora unha monografía dedicada á estatística descriptiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2009. Os datos para facer esta monografía obtéñense dos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores afiliados á Seguridade Social que **teñan cubertas as ditas continxencias**, mediante os sistemas Delt@ e CEPROSS, notificados á autoridade laboral autonómica galega.

É importante facer fincapé no feito de que os datos están referidos aos traballadores que exclusivamente teñen cubertas as continxencias oportunas; polo tanto, é da porcentaxe de autónomos que cumpran este requisito da que se poden obter datos fiables de sinistralidade. A información que a partir de aquí se comente é, deste xeito, só orientativa.

O ISSGA ofrécenos datos de traballadores por conta propia cando se analizan os accidentes laborais con baixa (leves, graves e mortais) en xornada de traballo segundo o cadro do persoal do centro de traballo. Segundo isto, en 2009 prodúcese un total de 1.212 accidentes laborais con baixa leves, 70 graves e 5 accidentes laborais mortais de empregados por conta propia na comunidade autónoma galega.

ACCIDENTES LABORAIS CON BAIXA EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO O CADRO DE PERSOAL DO CENTRO DE TRABALLO POR GRAVIDADE. GALICIA. 2009


	Leves		Graves		Mortais		Totais		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Total
Conta propia	834	378	41	29	5	0	880	407	1.287
De 1 a 4	3.841	818	94	16	20	0	3.955	834	4.789
De 5 a 25	10.067	1.548	171	9	22	0	10.260	1.557	11.817
De 26 a 50	5.054	875	48	8	12	1	5.114	884	5.998
De 51 a 100	4.019	1.195	44	3	2	1	4.065	1.199	5.264
De 101 a 250	3.223	1.619	31	9	4	0	3.258	1.628	4.886
De 251 a 500	1.379	1.001	16	8	2	0	1.397	1.009	2.406
De 501 a 1.000	522	645	9	2	3	1	534	648	1.182
Máis de 1.000	842	1.034	3	8	0	1	845	1.043	1.888

Fonte: ISSGA. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Xunta de Galicia.

Os 1.287 accidentes que se producen en Galicia supoñen soamente o 3,25% do total de accidentes acontecidos no mesmo ano. A taxa de sinistralidade dos emprendedores é bastante menor que a dos asalariados, circunstancia que é debida, entre outras cuestións, á resistencia dos traballadores por conta propia a causar baixa ante a escasa cobertura que reciben durante este período.

Por outra parte, entre os traballadores autónomos o accidente grave presenta un maior peso porcentual do que cabería esperar segundo a distribución observada para os restantes profesionais. O 5,43% dos accidentes producidos neste colectivo teñen carácter grave, mentres que para os restantes só supoñen un 1,25%. Tamén os accidentes mortais teñen unha relevancia algo maior nos traballadores por conta propia.

Distribución dos accidentes laborais con baixa segundo a súa gravidade. Galicia 2009




Fonte: ISSGA. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Xunta de Galicia.Datos en porcentaxe.

Os homes autónomos levan a peor parte en todos os niveis de gravidade dos accidentes laborais; nos accidentes graves é onde quizais a porcentaxe entre ambos os xéneros é máis equilibrada (58% de homes e 42% de mulleres). Ningunha muller autónoma en 2009 morreu a causa dun sinistro laboral; ademais, cómpre salientar que a construción é o sector onde os autónomos son máis castigados pola sinistralidade laboral. Tamén as actividades relacionadas co transporte soportan altas taxas de sinistros entre os emprendedores, producidos, entre outras cuestións, tras longas xornadas de traballo, alta velocidade, carga e descarga, etc.

Nos últimos cinco anos, o volume de accidentes de traballo entre os empregados por conta propia creceu en Galicia ata un 22,37%. Desde o ano 2007, estes experimentan un ascenso continuado: en 2009 rexístranse 442 accidentes máis dos que se producían no ano 2006.


Evolución dos accidentes laborais con baixa de traballadores autónomos en Galicia



Fonte: ISSGA. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Xunta de Galicia.

Cando se analiza a evolución segundo a gravidade dos accidentes, podemos comprobar como os accidentes graves experimentan un lixeiro retroceso en Galicia no último quinquenio, a pesar de que no ano 2009 se volven incrementar de novo. 2007 foi o ano en que houbo maior número de accidentes mortais, seguido do pasado 2009; analizando a evolución no mesmo período e de maneira porcentual, son os sinistros que maior incremento experimentan.


Variación producida nos accidentes laborais con baixa de traballadores autónomos galegos. 2005-2009



Fonte: ISSGA. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Xunta de Galicia.Datos en porcentaxe.

Atendendo á distribución dos accidentes laborais nas catro provincias galegas, como era de esperar, A Coruña e Pontevedra acaparan o 71,5% do total dos producidos no ano 2009. Só na Coruña se producen un total de 589 accidentes, o que supón o 46% do total, practicamente a metade dos sinistros rexistrados. Catro dos cinco accidentes mortais que se contabilizan en Galicia suceden na provincia da Coruña. Ourense é a provincia onde menos accidentes de traballadores por conta propia se producen, un total de 74 sinistros.


Accidentes laborais con baixa de traballadores autónomos nas provincias galegas



Fonte: ISSGA. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Xunta de Galicia.

Lugo é a provincia onde os accidentes laborais producidos entre as mulleres galegas autónomas teñen un peso relativo maior: do total de sinistros producidos nesta rexión, o 34,93% teñen xénero feminino. Tamén hai que ter en conta que precisamente esta provincia galega é aquela que rexistra un maior peso porcentual de mulleres afiliadas ao réxime especial de traballadores autónomos con respecto aos homes (un 44,15% no mesmo ano 2009).

Accidentes laborais con baixa de traballadores autónomos segundo provincia e xénero



Fonte: ISSGA. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Xunta de Galicia. Datos en porcentaxe.

9. FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O TRABALLO AUTÓNOMO

A realidade do traballo autónomo é cambiante; os problemas provocados pola actual crise obrigan a que se incrementen os seus niveis de cualificación e formación, ademais de que esta sexa necesaria ao longo de toda a súa vida. Os traballadores en moitos casos teñen que desprazarse cara ao desempeño de novas actividades e ao desempeño de tarefas máis cualificadas. É así prioritaria neste momento a formación como valor engadido que se traducirá nunha maior cualificación, produtividade e competitividade.

Tanto a poboación ocupada como a desempregada dispoñen dunha ferramenta non universitaria que responde ás necesidades do mercado laboral cun despregamento de oferta formativa caracterizada por unha maior versatilidade á hora de desempeñar a súa programación. Trátase da formación profesional para o emprego, a cal garante esta flexibilidade que permite adecuar a súa oferta ás necesidades particulares das empresas e ás conxunturas sociolaborais de determinados colectivos ou territorios.

A formación profesional para o emprego ten entre as súas finalidades proporcionarlle ás persoas traballadoras, especialmente ás ocupadas, e tamén ás desempregadas, a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Constitúen principios xerais da formación dirixida a persoas traballadoras ocupadas e desempregadas o protagonismo dos axentes sociais no seu desenvolvemento, a unidade de mercado de traballo e a liberdade de circulación dos traballadores e traballadoras no desenvolvemento das accións formativas, tanto dentro do territorio español como no ámbito da Unión Europea.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, entre outras cousas, establece que a aprendizaxe permanente é un elemento esencial na sociedade do coñecemento.

Inclúe esta lei dentro do ámbito da formación profesional, entre outras ensinanzas, as orientadas á formación dos traballadores e traballadoras ocupados nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.

Neste marco lévanse a cabo anualmente as convocatorias de subvencións para o financiamento do plan de formación intersectorial e sectorial dirixido prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, o cal destina unha parte importante a financiar plans de formación dirixidos a persoas traballadoras autónomas.

Para os efectos desta norma, enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición de competencias profesionais, teóricas e/ou prácticas, estruturadas nunha unidade pedagóxica con obxectivos, contidos, duración e metodoloxía propios.

Un dos colectivos prioritarios que consta nas dúas ordes como destinatario da mencionada convocatoria son as persoas traballadoras incluídas nos réximes especial agrario, de autónomos, do mar e outros da Seguridade Social que non coticen pola continxencia de formación profesional.

Para a execución destes plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos especificamente ao colectivo de autónomos, poderán ser solicitantes as asociacións representativas de traballadores autónomos de carácter intersectorial e sectorial e, así mesmo, terán prioridade as asociacións representativas de autónomos con maior implantación no territorio da comunidade autónoma.

A finalización dos cursos que o traballador autónomo poderá realizar a través destes plans de formación implicará para eles a obtención de determinados certificados de profesionalidade.

Os certificados de profesionalidade supoñen unha formación de calidade que repercute nunha maior produtividade dos profesionais destes ámbitos, así como unha formación acreditada que facilita a busca de traballo. Este instrumento de acreditación oficial certifica a capacitación para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación para o emprego e asegura a formación necesaria para a súa adquisición.

A potenciación dos certificados de profesionalidade repercute positivamente na calidade dos servizos e na profesionalidade dos sectores produtivos; ademais, achegan ao mesmo tempo unha acreditación de competencias profesionais que incide positivamente na consecución dun emprego facilitando a mobilidade laboral.

A normativa de creación dos mencionados certificados de profesionalidade menciona a posibilidade de que as administracións públicas oferten outros módulos complementarios ou transversais de formación xunto con toda a acción formativa dirixida á obtención do propio certificado. Estas materias poderán ser relativas ás tecnoloxías da información e a comunicación, idiomas, traballo en equipo, prevención de riscos laborais, orientación profesional e outras materias transversais que se consideren dentro das directrices marcadas pola Unión Europea.


Un dos módulos que se imparten neste campo é o denominado Módulo de creación de empresas, unha orientación para emprender e ocuparse que se coñece co nome de “Empreocúpate”.

Empreocúpate é unha iniciativa desenvolvida conxuntamente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar e o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (BIC Galicia), co apoio da Consellería de Economía de Facenda e o Instituto Galego de Promoción Económica e o financiamento do Fondo Social Europeo.

O obxectivo do módulo é presentar un panorama xeral do proceso de creación de empresas e outros proxectos emprendedores. Entre outras cuestións, abórdanse as características que definen un emprendedor, os medios para adquirilas se non se posúen, as razóns para emprender, a actitude para emprender, coñecementos necesarios, etc.

No pasado ano 2009 un total de 914 alumnos participantes en accións formativas de formación profesional para o emprego recibiron esta formación nun total de 90 cursos de distinta temática; deles o 70% foron mulleres.

Alumnos formados no módulo de creación de empresas segundo o xénero



Fonte: Servizos Públicos de Emprego de Galicia.

As familias profesionais nas que se imparte este tipo de formación son: administración e xestión; informática e comunicacións (entre as dúas concentran o 61% do total de alumnos formados); servizos socioculturais e á comunidade; artes gráficas; imaxe persoal; hostalaría; comercio e márketing, e a familia profesional agraria.

Familias profesionais con alumnos formados no módulo de creación de empresas

Familias profesionais	Alumnos	Peso relativo
Administración e xestión	431	46,75
Informática e comunicacións	135	14,64
Servizos socioculturais e á comunidade	89	9,65
Artes gráficas	63	6,83
Imaxe persoal	57	6,18
Hostalaría	52	5,64
Comercio e márketing	49	5,31
Agraria	46	4,99

Fonte: Servizos Públicos de Emprego de Galicia.

10. EMPRENDEDORES

Os termos traballador autónomo e emprendedor, aínda que semanticamente non se pode dicir que teñan o mesmo significado, acostuman asociarse e usarse como termos sinónimos en moitas ocasións cando se fala de persoas que facilitan a transformación de ideas en proxectos de empresa.

Por esta razón, resulta de interese abordar neste estudo a perspectiva do emprendemento a través da creación de novas empresas en Galicia, como símbolo de creación de riqueza e emprego, promoción económica e peza fundamental cara a unha futura recuperación económica. Non obstante, somos conscientes de que non todas as empresas creadas na nosa comunidade autónoma son postas en marcha por traballadores autónomos, aínda que é certo que os proxectos impulsados por este colectivo teñen un peso moi importante dentro da totalidade de iniciativas empresariais levadas a cabo no actual contexto económico e social.

Neste sentido, o Instituto Galego de Estatística ofrece datos actualizados sobre a explotación do directorio de empresas e unidades locais en Galicia. Neste punto, a denominada “demografía empresarial” contabiliza as altas, permanencias e baixas de unidades activas rexistradas baseándose na seguinte metodoloxía:

- Altas (ano t): unidades activas que se rexistran no ano t e non estaban activas no ano t-1.
- Permanencias: (ano t): unidades activas rexistradas no directorio do ano t-1.
- Baixas (ano t): unidades activas no directorio do ano t-1 que causan baixa no do ano t.

A **empresa** é definida como a unidade xurídica que proporciona cobertura legal ás actividades que se realizan nun ou varios locais. As unidades xurídicas poden ser persoas físicas ou persoas xurídicas con existencia legal independente da dos seus propietarios. A **unidade local** é a empresa ou parte dela (taller, fábrica, oficina, mina, depósito) situada nun lugar no que se realizan actividades económicas baixo a responsabilidade do seu titular.

Segundo estes datos, en Galicia no ano 2008 (último ano do que se posúe información deste tipo) prodúcese 22.217 altas de empresas e unidades locais, 17.896 baixas e permanecen un total de 187.902 empresas.

EMPRESAS POR SITUACIÓN DE ACTIVIDADE


2008	ALTAS	PERMANENCIA	BAIXAS
A Coruña	9.237	78.383	7.669
Lugo	2.417	23.501	1.862
Ourense	2.401	21.919	2.057
Pontevedra	8.162	64.099	6.308
Galicia	22.217	187.902	17.896

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Baseándose nos datos de **altas** de empresas producidas en Galicia e comparando os datos dos últimos anos, cómpre mencionar que a creación de empresas na comunidade galega é bastante irregular no período analizado. Desde o ano 2000 ata o ano 2008 déronse de alta en Galicia un total de 183.566 empresas.


Nos anos 2002 e 2003 a formación de unidades empresariais descende bruscamente, en cambio, a partir de 2006 volven a ascender ata experimentar un novo descenso en 2008. Estas oscilacións tradúcense porcentualmente nun crecemento dun 10% nas altas de empresas en Galicia nos últimos oito anos. Por provincias, Lugo é a que experimenta un crecemento menor, cun 7,18%, mentres que Pontevedra é a que ten un ascenso máis significativo, un 12,40%.

Crecemento producido nas altas de empresas de 2000 a 2008



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Datos en porcentaxe.

Evolución das altas de empresas producidas en Galicia




Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

No tocante ás **baixas** rexistradas de empresas e comparando os resultados coas altas analizadas anteriormente, obsérvase como o crecemento porcentual das baixas é moi superior ao acontecido coas altas, tendo en conta que ambas as variables mostran ascensos en Galicia e tamén en cada unha das provincias. Pontevedra, sendo a provincia que maior incremento de altas de empresas rexistra, ao mesmo tempo é a que máis crecemento porcentual de baixas experimenta.


En Galicia desde o ano 2000 ata o ano 2008 déronse de baixa un total de 133.413 empresas.

Crecemento producido nas baixas de empresas en Galicia de 2000 a 2008



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Datos en porcentaxe.

Evolución das baixas de empresas producidas en Galicia




Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

A creación de empresas sempre é superior á destrución delas en todos os períodos analizados; aínda así, cómpre salientar que hai anos en que a brecha entre ambos os datos é maior (o que se podería considerar un ano positivo en canto á promoción económica pola superioridade das altas fronte ao menor volume de baixas) e anos onde ambas as cifras se aproximan de maneira preocupante, incrementándose as baixas rexistradas e reducíndose ou manténdose constante o volume de altas producidas.

É o caso do ano 2004, que se converte no mellor ano cando se analizan dunha maneira conxunta as altas e as baixas rexistradas en Galicia. Por unha banda, contabilízanse 1.305 empresas máis que no exercicio anterior (2003) e, por outra, hai 3.904 baixas menos de unidades empresariais; isto supón un “superávit” de 10.162 empresas. Caso contrario sucede no ano 2002, en que esta mesma operación ten un resultado de 2.060 empresas (diferenza entre as altas e as baixas).


Comparativa entre as altas e as baixas de empresas en Galicia



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Comparando a evolución da creación e destrución de empresas na comunidade galega con respecto ao ámbito estatal, a perspectiva non amosa resultados moi positivos para Galicia. Mentres que o crecemento nas altas de empresas semella moi parello entre ambos os dous ámbitos territoriais, o peso relativo que a perda de empresas ten en Galicia é moito máis significativo que o que supón a nivel da Península para o mesmo período temporal analizado.

Crecemento do número de altas e baixas de empresas rexistradas entre o ano 2000 e 2008



Fonte: INE, Explotación do DIRCE. Elaboración propia. Datos en porcentaxe.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais, edita anualmente as denominadas “estadísticas sociolaborais”, as cales mostran datos actualizados referentes a conciliacións individuais e colectivas, eleccións sindicais, folgas e peches patronais, infraccións e sancións na orde social, regulacións de emprego e **apertura de centros de traballo** e empresas de traballo temporal, todo co fin de permitir ter unha visión global do panorama sociolaboral galego.

En concreto, os datos referidos á apertura de centros de traballo axúdanos a ampliar a visión que aquí estamos a mostrar do emprendemento en Galicia a través da creación de empresas, xa que esta información ofrece datos sobre se os novos centros de traballo rexistrados son de nova creación, reinicio de actividade, cambio de actividade ou traslado. Ademais, achega datos desagregados a nivel provincial.

Hai que ter en conta que os datos mostrados a través das dúas fontes estatísticas non teñen unha correspondencia exacta, xa que se pode dar o caso de que unha mesma empresa conte cunha relativa cantidade de centros de traballo temporais, en función das obras que se leven a cabo durante o ano (isto sucede sobre todo no caso das empresas de construción). Ademais, neste caso, os datos son sacados das comunicacións que as empresas presentan nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo e Benestar onde radique o centro de traballo correspondente.

No pasado ano 2009 en Galicia producíronse 19.375 comunicacións de aperturas de centros de traballo, das que o 41% se localizan na provincia da Coruña, 37,33% na de Pontevedra, 14,19% na de Lugo e, finalmente, 3,49% na de Ourense.

Practicamente a totalidade destas aperturas de novos centros de traballo son de nova creación, o 96%, seguidas cun escaso 2,72% dos novos centros que se abren por traslado, o 1,20% por reinicio de actividade tras un período de parada e un 0,12% que deciden cambiar de actividade.

Comunicacións de aperturas de centros de traballo en 2009

A Coruña	7.939
Lugo	2.750
Ourense	1.452
Pontevedra	7.234
Galicia	19.375

Aperturas de centros de traballo rexistradas en Galicia segundo o tipo de actuación. 2009


De nova creación	18.590
Reinicio de actividade	234
Cambio de actividade	24
Traslado	527
Total	19.375

Fonte: Estatísticas sociolaborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais. Xunta de Galicia.

Cando se analiza a variación porcentual producida nas aperturas de centros de traballo en Galicia entre os anos 2006 e 2009 atendendo ao seu tipo de actuación, os resultados son diversos. Por unha banda, as comunicacións de aperturas de centros que reinician a súa actividade anterior son aquelas que porcentualmente máis descenso experimentan, mentres que aqueles centros que trasladan a súa actividade a outro espazo crecen nun 2,33% en tres anos.

As aperturas de centros de nova creación, por seren os que máis volume de unidades moven ano tras ano, ademais de seren as máis interesantes de cara a medir a creación de riqueza e de novo emprego, tamén sofren unha redución nos seus rexistros, sobre todo desde o ano 2007 dunha maneira constante: en 2009 comunícanse 1.338 centros de traballo menos que en 2007.

Variación na apertura de centros de traballo en Galicia entre 2006 e 2009



Fonte: Estatísticas sociolaborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais. Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Numerosas iniciativas por parte da Administración están destinadas ao apoio dos novos emprendedores, xa que a constitución de novas empresas é unha das máis importantes fontes de promoción e recuperación económica.

Os propósitos son achegar formación, asesoramento e titoría no momento en que sexan requiridos co fin de facilitar a transformación de ideas en proxectos de empresa. Por outra parte, inténtanse habilitar ferramentas, servizos e instrumentos financeiros adecuados para apoiar a implantación das novas iniciativas empresariais.

11. CONCLUSIONES

AFILIACIÓN AO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS (RETA)

- En xuño de 2010, dos 224.021 traballadores autónomos rexistrados en Galicia o 58% son homes.
- Os traballadores autónomos comprendidos entre os 30 e os 44 anos representan o 37% do total. Os maiores de 44 e menores de 55 acadan o 29%, seguidos dos de máis idade, que supoñen o 27%. Os de 16 a 29 representan o 7%.
- As mulleres, agás as menores de trinta anos, presentan un maior equilibrio que os homes na distribución da incidencia do traballo autónomo entre os tres rangos de idade intermedios.
- En Galicia o 22% da porcentaxe total de afiliación á Seguridade Social corresponde aos traballadores por conta propia. O peso dos autónomos no Estado é inferior ao de Galicia: acadou en xuño de 2010 o 17,7%.
- Lugo rexistra a maior incidencia de traballadores autónomos de toda Galicia, alcanzando un 31% do total da súa cotización, o que representa case a terceira parte do total de traballadores.
- Entre 2008 e 2010 Galicia perde un total de 13.027 autónomos. Este descenso afecta a todos os réximes de cotización. Neste período, o peso porcentual dos traballadores por conta propia con respecto ao total de afiliados apenas sufriu variacións, mantendo unha porcentaxe do 22%.
- En termos porcentuais, o descenso resultou ser algo máis acusado entre a poboación traballadora feminina, aínda que por unha escasa marxe.
- Por idades, nos anos 2009 e 2010 a maior incidencia na caída do emprego autónomo sófrea o colectivo xuvenil. A taxa de variación interanual dos menores de trinta anos presenta un descenso dun 8,24% en 2009 e un 12,84% en 2010, o que supón unha caída porcentual superior á rexistrada pola suma dos restantes tramos de idade.
- Entre os autónomos galegos, predomina o sector servizos, cun 61% do total da súa afiliación. O resto de autónomos repártense entre os outros tres sectores cun predominio do sector primario (18%), seguido da construción (14%) e do sector secundario, con tan só un 7%.
- Obsérvase un leve repunte no sector dos servizos. O descenso máis acusado é o rexistrado no sector primario. A construción, contra a tendencia dos outros sectores, rexistrou en 2010 unha caída aínda maior no número de traballadores por conta propia que a acaecida en 2009.
- Tres de cada catro traballadores autónomos en Galicia constan como rexistrados en dez actividades económicas, das que destacan a agricultura, o comercio ao retallo e os servizos de comidas e bebidas. Dentro destas dez actividades máis destacadas, pódese apreciar na súa evolución desde xuño de 2009 ata xuño de 2010 que tan só tres rexistraron unha variación positiva. Estas tres actividades están encadradas dentro do sector dos servizos; trátase de autónomos empregados en actuacións relacionadas con servizos de comidas e bebidas, outros servizos persoais e venda e reparación de vehículos e motos. O resto perden traballadores.

- Dos 41.476 afiliados autónomos ao sector primario, 40.439 empréganse en actividades relacionadas coa gandaría e a agricultura.
- Fóra destas dez actividades máis destacadas, **o transporte marítimo foi a actividade económica que sufriu un maior descenso de traballadores autónomos**, seguido das actividades de apoio ás industrias extractivas, ambas por riba do 20% de taxa de variación interanual.
- As actividades que incrementaron en maior medida os niveis de emprego autónomo están en boa parte relacionadas co mundo da información a tecnoloxía e a comunicación. **Os servizos de información e a fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos superaron o 30% e o 20% respectivamente.** O resto increméntanse entre un 5% e un 18%.
- O maior número de afiliados autónomos atópase, como era de agardar, nas comarcas máis poboadas. Deste xeito, **as comarcas de Vigo e A Coruña** achegan 26.858 e 26.830 respectivamente; entre as dúas comarcas **rexistran o 24% do total de autónomos de Galicia**, aínda que porcentualmente a súa incidencia é menor que a media de Galicia.
- As principais comarcas galegas que rexistran un maior peso porcentual de autónomos sobre o total de afiliados son comarcas do interior e pouco poboadas, onde o sector primario ten un peso importante. Estas comarcas rexistran un peso dos traballadores autónomos que oscila entre o 49,5% da Barcala e o 62,1% da Fonsagrada.

AFILIACIÓN AO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS DESAGREGADOS SEGUNDO A SÚA PROCEDENCIA: AFILIADOS NON SETA (SISTEMA NORMAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS) E SETA (SISTEMA ESPECIAL DE TRABALLADORES AGRARIOS)

- Galicia é a primeira comunidade autónoma española en canto a volume de traballadores afiliados ao sistema SETA (é dicir, os actuais autónomos que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008 pertencían ao réxime Especial Agrario por conta propia), **con 36.997 traballadores.**
- Lugo convértese na primeira provincia española por volume de afiliados a este réxime, cun 40% de autónomos pertencentes ao sistema SETA.
- De 2009 a 2010 Galicia perde un total de 3.379 empregados neste colectivo, mentres que no sistema “normal” de autónomos o descenso é menor: 1.711 persoas no mesmo período.
- Mentres que nos antigos traballadores agrarios por conta propia as mulleres practicamente duplican os homes (23.690 mulleres e 13.307 homes), nos restantes autónomos son os homes os que acadan o 62% da cotización rexistrada.
- No bienio 2009-2010 pérdense un total de 1.871 homes emprendedores e, ao mesmo tempo, Galicia gaña 160 traballadoras por conta propia.
- Galicia, con 23.690 afiliadas ao sistema SETA (antigo réxime agrario), lidera o *ranking* das autonomías españolas en canto a afiliación feminina neste sistema.

SITUACIÓN DOS AUTÓNOMOS GALEGOS EN RELACIÓN CO CONXUNTO NACIONAL

- En xuño de 2010, do total de autónomos rexistrados en España, o 7,12% son galegos. **Galicia é a segunda comunidade que maior porcentaxe de autónomos ten con respecto aos restantes afiliados doutros réximes, cun 22,16% do total.** Isto significa que un de cada catro galegos afiliados á Seguridade Social é autónomo.
- Desde o ano 2008 Galicia experimenta un descenso no volume de autónomos, un descenso que significa que **en 2010 se rexistran 3,89% autónomos menos dos que así constaban en 2008.** España sofre unha diminución algo maior, un -5,20% en dous anos.
- Se analizamos esta evolución por xénero, pódese comprobar como, por unha banda, os homes autónomos galegos descendem porcentualmente a metade que os estatais (-3,76% e -6,40% respectivamente), en cambio as mulleres autónomas galegas sofren un descenso moi superior ao nacional (-4,06% en Galicia e -2,74% en España).
- A pesar destes datos, as mulleres galegas son as máis emprendedoras do país, pois **Galicia lidera en España a proporción de mulleres autónomas con respecto aos homes, contando cun 42,18% de mulleres no total de afiliados neste sistema.** No conxunto nacional a porcentaxe baixa ata un 33,72%.
- **Lugo, cun 44,15% e A Coruña cun 43,02%, son as dúas provincias que maior valores obteñen no territorio nacional en canto á porcentaxe de mulleres autónomas.**

OS TRABALLADORES AUTÓNOMOS ESTRANXEIROS EN GALICIA

- **O 2,15% do total de autónomos rexistrados na comunidade galega teñen nacionalidade estranxeira.**
- A comunidade autónoma galega perde desde 2008 un total de 110 emprendedores estranxeiros, o que supón unha redución do -0,25%. Este descenso de traballadores é moi inferior ao acontecido no ámbito estatal (-2,73%) e, ademais, é inferior ao experimentado polos autónomos galegos, os cales perden un -3,89% dos seus efectivos no mesmo período.
- **Os homes estranxeiros autónomos representan o 61,4% do total da afiliación.**
- Por nacionalidades, **un total de 2.279 traballadores autónomos residentes na comunidade autónoma galega proveñen da Unión Europea, mentres que algo máis, uns 2.540, proceden doutros países de fóra de Europa.**
- China convértese na nacionalidade que máis traballadores autónomos achega de todas as non comunitarias; de feito, un de cada catro autónomos estranxeiros ten esta nacionalidade. Ademais, os traballadores desta nacionalidade experimentan un crecemento importante no último ano (un 13,36% máis que o exercicio precedente).
- En canto ás actividades económicas dos autónomos doutras nacionalidades, cabe destacar que **a metade dos autónomos con nacionalidade estranxeira que traballan en Galicia pertencen aos sectores**

do comercio e hostalaría, mentres que o 14,68% prestan os seus servizos en actividades relacionadas coa construción.

OCUPADOS POR CONTA PROPIA SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

- **Galicia obtén no segundo trimestre de 2010 un total de 233.900 ocupados por conta propia**, 137.900 homes e 96.000 mulleres, segundo a información ofrecida pola Enquisa de Poboación Activa.
- **O 64,2% do total de ocupados son empresarios que non teñen asalariados ou son traballadores independentes, a situación máis común entre os autónomos galegos**. Tras eles estarían os empregadores (30,14%), os traballadores familiares non remunerados (axuda familiar), cun 5,21%, e por último os membros das cooperativas (0,42%).
- Desde o segundo trimestre de 2008 pérdense un total de 49.000 ocupados en actividades denominadas como de conta propia, o que significa que **cada día a comunidade galega perde uns 67 autónomos**.
- Cando se leva a cabo unha análise dos datos por grupos de idade, pódese comprobar que tanto os ocupados por conta propia menores de 34 anos como os maiores de 55 anos son maioritariamente empresarios independentes ou sen asalariados ao seu cargo. Nas idades intermedias teñen unha maior relevancia os empresarios con asalariados.
- **O 44,07% dos ocupados independentes son mulleres, porcentaxe que descende ata o 32,62% cando falamos de empresarios con asalariados**.
- **Un terzo dos ocupados por conta propia con asalariados ao seu cargo teñen estudos de educación superior**, mentres que a porcentaxe descende ata un 21% cando analizamos a mesma categoría formativa para os empresarios sen asalariados.
- Segundo a Enquisa de Poboación Activa, os emprendedores en Galicia traballan maioritariamente a xornada completa, máis do 90% de todos eles en cada un dos dous colectivos analizados
- **Tres de cada catro empresarios en Galicia levan 6 anos ou máis traballando na empresa actual**. Se comparamos estes datos cos dos traballadores asalariados, a diferenza é notoria: menos da metade, o 45% deles leva ese mesmo tempo na compañía pola que están contratados.
- O sector servizos aglutina o maior volume de ocupados por conta propia, tanto en empresarios con asalariados como sen eles, seguido por agricultura, gandería, caza e silvicultura; tras eles sitúase a construción, a industria e a pesca en último lugar.
- Por ocupación, o empresario con asalariados en Galicia ten como ocupación principal a dirección das empresas e das administracións públicas (cun 61%), mentres que o traballador independente ten como actividade principal o labor cualificado dentro da agricultura e a pesca (31%).

ECONOMÍA SOCIAL

- **Entre xaneiro e xuño de 2010 constituíronse en Galicia un total de 17 cooperativas integradas por 1.354 socios:** sete na modalidade de traballo asociado, tres como cooperativas de vivenda, outras tres agrarias, dúas de servizos, unha de transportes e unha na categoría outras.
- Nas tres cooperativas constituídas como agrarias concéntranse 1.203 dos 1.354 socios. Isto representa unha porcentaxe do 89% dos socios totais.
- No conxunto do Estado rexistráronse no primeiro semestre de 2010 un total de 613 cooperativas compostas por 9.164 socios. **A porcentaxe de cooperativas constituídas en Galicia tan só supuxo o 3% do total nacional, aínda que, se atendemos ao número de socios integrantes nestas cooperativas, a porcentaxe galega no conxunto do Estado acadou o 13%.**
- **As sociedades laborais constituídas en Galicia no primeiro semestre de 2010 ascenderon a 27, o que supuxo un total de 99 socios.** Destes, 69 foron homes e 30 mulleres.
- O primeiro semestre de 2010 rexistrou unha evolución positiva con respecto ao mesmo período de 2009. O número de sociedades laborais e de socios destas experimentou un crecemento tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Concretamente en Galicia, pasouse de 20 a 27 sociedades laborais, mentres que o número de socios tamén aumentou en 28 efectivos.
- O total de sociedades cooperativas constituídas en Galicia ata xuño de 2010 ascendeu a 870. O número de integrantes ascendeu a 8.305 socios.
- As 811 sociedades laborais constituídas en Galicia ata xuño de 2010 constaban de 3.745 socios.

EMPRESAS CON TITULARIDADE DE PERSOA FÍSICA

- **En xaneiro do ano 2010 había en Galicia un total de 112.233 empresas con titularidade de persoas físicas, o que supón o 6,4% con respecto ao total nacional.**
- Obsérvase un descenso sostido e continuado a partir de 2007 que foi o ano en que se acadou o rexistro máis alto, con 117.957 empresas baixo a titularidade de persoas físicas, ata o ano 2010, con 112.233.
- **A nivel sectorial vemos como un 81% do total destas empresas pertencen ao sector servizos,** un 14% ao sector da construción e tan só un 5% ao da industria e enerxía.
- Dentro do sector servizos unhas 34.192 empresas con titularidade de persoa física están encadradas dentro das actividades de comercio, 16.103 en hostalaría e 10.277 dentro das actividades de transporte e almacenamento, sendo as tres actividades que maior volume de empresas acaparan.

PENSIÓN

- **A pensión media que reciben os autónomos galegos está situada nos 487,45 euros.**

- O 68% do total de pensións que reciben os autónomos galegos corresponden ás prestacións por xubilación, a situación máis frecuente, seguida en importancia polas pensións contributivas percibidas por viuvez, incapacidade permanente, orfandade e pensión a favor de familiares.
- **Os pensionistas que cotizaron polo réxime xeral cobran un 40% máis que os autónomos.** Isto significa que os primeiros cobran uns 804,94 euros, mentres que os autónomos ingresan uns 487,45 euros.
- **A brecha aínda é maior no caso dos xubilados autónomos, xa que os pensionistas do réxime xeral cobran un 44% máis que eles.**
- **Galicia está á cabeza das CCAA españolas no tocante a volume de pensións en vigor de autoempregados, pero pasa a ocupar a última posición cando falamos do importe medio das pensións en vigor dos autónomos.** Entre a comunidade autónoma que máis elevada pensión ofrece –o País Vasco– e a última –que é a comunidade galega– difiren 140,43 euros.

SINISTRALIDADE

- No ano 2009 prodúcese en Galicia un total de 1.287 accidentes laborais con baixa entre os traballadores por conta propia que teñan cubertas as continxencias da Seguridade Social. Do total de accidentes, 1.212 son rexistrados como leves, 70 graves e 5 mortais.
- **Entre os traballadores autónomos o accidente grave presenta un maior peso porcentual cando se compara cos producidos nos restantes profesionais,** O 5,43% dos accidentes producidos neste colectivo teñen carácter grave, mentres que para os restantes soamente supoñen un 1,25%.
- Analizando os datos segundo o sexo, vemos como os homes autónomos sofren un maior volume de accidentes laborais que as mulleres (58% de homes e 42% de mulleres).
- Os sectores da construción e o transporte son os máis castigados pola sinistralidade laboral cando se comparan os datos dos empregados por conta propia.
- **Nos últimos cinco anos a sinistralidade creceu nos autónomos galegos ata un 22,37%:** en 2009 rexístranse 442 accidentes máis dos que se producían no ano 2006.
- **2007 foi o ano no que se rexistraron maior número de accidentes mortais seguido do pasado 2009,** analizando a evolución no último quinquenio e de maneira porcentual son os sinistros que maior incremento experimentan.

EMPRENDEDORES

- Na comunidade autónoma galega prodúcese un total de 22.217 altas de empresas no ano 2008 (último dato dispoñible), 17.896 baixas, mentres que permanecen un total de 187.902 empresas. En datos absolutos, **desde o ano 2000 ata o 2008 déronse de alta en Galicia un total de 183.566 empresas.**
- Aínda que no último ano o crecemento no número de altas de empresas descende, **Galicia ten en 2008 un 10% máis de empresas que a media dos sete anos anteriores.**

- O crecemento das baixas de empresas ten un peso máis significativo que o ascenso experimentado polas altas.
- A perda de empresas en Galicia é moito máis pronunciado que o que supón a nivel da Península para o mesmo período temporal analizado. **Mentres que en España as baixas de empresas crecen nun 21,52% nos últimos oito anos, en Galicia este incremento supón un 53,86%.**
- Atendendo a outra variable, a que fai referencia á creación de centros de traballo, engádese que practicamente a totalidade, o 96%, son de nova creación, o 2,72% son novos centros que se abren por traslado, o 1,20% por reinicio de actividade tras un período de parada e un 0,12% porque deciden cambiar de actividade.
- A apertura de centros de nova creación sofre unha redución nos seus rexistros, sobre todo desde o ano 2007 dunha maneira constante: en 2009 comunícanse 1.338 centros de traballo menos que en 2007.

12. FONTES BIBLIOGRÁFICAS E ESTATÍSTICAS

FONTES BIBLIOGRÁFICAS

XUNTA DE GALICIA. DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS. 2009. **Estatísticas de economía social.**

XUNTA DE GALICIA. INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL. 2009. **Sinistralidade laboral. Galicia 2009.**

XUNTA DE GALICIA. SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE. VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E BENESTAR. **A Situación das mulleres autónomas en Galicia.**

FEAGA. FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA. 2010. **Estudios dos autónomos a nivel provincial.**

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN. INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABAJO. 2009. **Análisis de siniestralidad 2009 de los trabajadores autónomos con la contingencia cubierta.**

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN. SUBSECRETARÍA DE TRABAJO E INMIGRACIÓN. 2009. **Anuario de estadísticas 2009.**

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA. 2010. **Datos estadísticos básicos de Galicia 2010.**

FONTES ESTATÍSTICAS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN. **Páxina de datos da Seguridade Social.**

ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA. **Instituto Galego de Estatística. Instituto Nacional de Estatística**

DIRECTORIO CENTRAL DE EMPRESAS (DIRCE). **Instituto Nacional de Estatística.**

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA). **Xunta de Galicia.**

SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA.

13. ANEXO I

PERSOAS INCLUÍDAS NO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

- Traballadores maiores de 18 anos que, de forma habitual, persoal e directa, realizan unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición a contrato de traballo.
- Conxugue e familiares ata o segundo grao inclusive (no caso de traballadores do sistema especial de traballadores autónomos, ata o terceiro grao) por consanguinidade, afinidade e adopción que colaboren co traballador autónomo de forma persoal, habitual e directa e non teñan a condición de asalariados.
- Os escritores de libros.
- Os traballadores autónomos economicamente dependentes aos que se refire o capítulo III do título II da Lei 20/2007, do 11 de xullo.
- Os traballadores autónomos estranxeiros que residan e exerzan legalmente a súa actividade en territorio español.
- Profesionais que exerzan unha actividade por conta propia, que requira a incorporación a un colexio profesional cuxo colectivo se integra no réxime especial de traballadores autónomos.
- Profesionais que exerzan unha actividade por conta propia, que requira a incorporación a un colexio profesional cuxo colectivo non fose integrado no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, coas seguintes peculiaridades:

Se o inicio da actividade polo profesional colexiado se produciu entre o 10 de novembro de 1995 e o 31 de decembro de 1998, a alta no citado réxime especial, de non ser exixible con anterioridade a esta última data, debía solicitarse durante o primeiro trimestre de 1999, tendo efecto desde o primeiro día do mes no que se formulase a correspondente solicitude. De ser formulada esta no mencionado prazo, os efectos das altas retrasadas serán os regulamentariamente establecidos, fixándose como data de inicio da actividade o 1 de xaneiro de 1999.

Malia o establecido nos parágrafos anteriores, quedan exentos da obriga de alta no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos os colexiados que opten ou optasen anteriormente por incorporarse á mutualidade de previsión social que puidera ter establecida o correspondente colexio profesional, sempre que a citada mutualidade sexa algunha das constituídas con anterioridade ao 10 de novembro de 1995. Se o interesado, tendo dereito, non optase por incorporarse á mutualidade correspondente, non poderá exercer a dita opción con posterioridade.

- Os socios industriais de sociedades regulares colectivas e de sociedades comanditarias.
- Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado, cando estas opten por este réxime nos seus estatutos. Neste caso, a idade mínima de inclusión no réxime especial é de 16 anos.
- Comuneiros ou socios de comunidades de bens e sociedades civís irregulares.

- Aqueles que exerzan funcións de dirección e xerencia que impliquen o desempeño do cargo de conselleiro ou administrador, ou presten outros servizos para unha sociedade mercantil capitalista, a título lucrativo e de forma habitual, persoal e directa, sempre que posúan o control efectivo, directo ou indirecto, daquela. Entenderase en todo caso que se produce tal circunstancia cando as accións ou participantes do traballador supoñan, polo menos, a metade do capital social.

Presumirase, salvo proba en contrario, que o traballador posúe o control efectivo da sociedade cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- Al menos a metade do capital da sociedade para a que preste os seus servizos estea distribuído entre socios, cos que convivan, e aos que se encontre unido por vínculo conxugal ou de parentesco por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o segundo grao.
- A súa participación no capital social sexa igual ou superior á terceira parte deste.
- A súa participación no capital social sexa igual ou superior á cuarta parte deste, se ten atribuídas funcións de dirección e xerencia da sociedade.

Nos supostos nos que non concorran as circunstancias anteriores, a Administración poderá demostrar, por calquera medio de proba, que o traballador dispón do control efectivo da sociedade.

- Os socios traballadores das sociedades laborais, cando a súa participación no capital social xunto coa do seu conxugue e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao cos que convivan, acade, polo menos, o 50%, salvo que acredite que o exercicio do control efectivo da sociedade require o concurso de persoas alleas ás relacións familiares.

PERSOAS EXCLUÍDAS DO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Estarán excluídas deste réxime especial os traballadores por conta propia ou autónomos cuxa actividade como tal dea lugar á súa inclusión noutros réximes da Seguridade Social.

INCLUSIÓN DO SISTEMA ESPECIAL PARA TRABALLADORES POR CONTA PROPIA AGRARIOS

Pola Lei 18/2007, do 4 de xullo, establécese, dentro do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2008, o sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, no que quedarán incluídos os traballadores por conta propia agrarios, maiores de 18 anos, que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser titulares dunha explotación agraria e obter, polo menos, o 50% da súa renda total da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ao 25% da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias destas sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

- Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular non superen a contía equivalente ao 75% do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización establecida en cada momento no réxime xeral da Seguridade Social.
- A realización de labores agrarios de forma persoal e directa en tales explotacións agrarias, aínda cando ocupen traballadores por conta allea, sempre que non se trate de máis de dous traballadores fixos ou, de tratarse de traballadores con contrato de traballo de duración determinada, que o número total de xornais satisfeitos aos eventuais agrarios non supere os 546 nun ano, computado de data a data.

No caso de non cumprir estes requisitos, formarán parte do réxime especial agrario. Quedarán incluídos os traballadores maiores de 16 anos que realicen labores agrarios con carácter retribuído por conta allea, dentro do ámbito de organización e dirección doutra persoa física ou xurídica.

Expresamente quedan **incluídos**:

- Os pastores, gardas rurais e de coutos de caza e pesca que teñan ao seu cargo a custodia de gando ou a vixilancia de explotacións agrarias dun ou varios propietarios.
- Traballadores ocupados en faenas de rega e en labores de limpeza e roza de canles, regos, cando estes traballos non teñan outro fin que o de aproveitamento das augas para uso exclusivo das explotacións agropecuarias.
- Os traballadores que, como elementos auxiliares, presten servizos non propiamente agrícolas, forestais ou pecuarios de forma habitual e con remuneración permanente en explotacións agrarias. Terán este carácter os técnicos, administrativos, mecánicos, condutores de vehículos e maquinaria e calquera outro profesional que desempeñe o seu labor na explotación.

Exclusións:

- Os mecánicos e condutores de vehículos e maquinaria cuxos propietarios arrenden os seus servizos para labores agropecuarios, sen ser titulares dunha explotación ou cando, séndoo, non os utilicen nesta.
- Os operarios que traballen directamente por conta das empresas cuxa actividade é a de aplicacións fitopatolóxicas.
- O cónxuxe, descendentes, ascendentes e demais parentes do empresario por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao inclusive, ocupados na súa explotación agraria cando convivan no seu fogar e estean ao seu cargo, a non ser que se demostre a súa condición de asalariados, sen prexuízo de que poidan ter a consideración de traballadores por conta propia.



<http://traballoebeneficencia.xunta.es>

